

Mayte Cabezas Amigo: A Academia Galega do Audiovisual convoca hoxe un acto e convida ademais as tres forzas políticas con representación no parlamento de Galicia para que hoxe nos acompañen e ilustren. O que queremos é que nos informen a todos os académicos e as persoas que traballan nos medios audiovisuais de Galicia das diferentes posturas e, fundamentalmente, das diferenzas entre as diferentes políticas ou propostas que queren aplicar nos vindeiros catro anos e que afectarán ós galegos que traballamos nun medio audiovisual e as persoas que os van ter que soportar, compartir e consumir. E asisten cortesmente e voules dar especialmente as grazas ás tres persoas que nos acompañan porque as súas axendas en pre campaña sempre están ateigadas de actos. Asisten, dicía eu, a este encontro, Diego Calvo Pouso secretario do PP de Galicia, José Manuel Lage Tuñas secretario de formación do PsdeG-Psoe e Xosé Ramón Paz Antón que é deputado do BNG. A mecánica que establecemos amigablemente foi sortear as posicións de intervención. Van primeiramente facer unha pequena exposición, un pequeno posicionamento dos seus argumentos logo pasaremos a valorar eses argumentos e abriremos a que todos preguntedes aquelas cuestións puntuais ou preocupacións que tendes arredor do tema.


En primeiro lugar vai falar José Manuel Lage Tuñas, secretario de formación do PsdeG-Psoe.

José Manuel Lage Tuñas: Boa tarde, gracias Mayte, gracias a ti e a Academia Galega do Audiovisual por este convite. Eu creo que aínda que esteamos en pre campaña sempre é un momento oportuno para xuntarnos e falar de algo que para nós é importante e que é prioritario. Chegados ata aquí podería parecer redundante o que se di sempre que chegan unhas eleccións, incluso alguén pode pensar que é un bo momento para pedir o voto. Eu creo que actos destas características debennos de servir máis que para facer publicidade ou a propaganda correspondente, senón que deben servir para compartir na medida que sea posible entre forzas políticas e persoas do sector aquelas preocupacións e aquelas cuestións que son centrais dentro do marco do audiovisual galego, audiovisual galego que ten fortalezas e debilidades que están analizadas por diferentes organismos e clusters, asociacións de produtores, de actores en fin polo conxunto do que poderíamos entender como audiovisual.

Falamos no escenario actual dunhas eleccións inmediatas e dos próximos catro anos xa que é o reto inmediato.

Primeiro me gustaría recordar que a Lei do Audiovisual de Galicia do ano 99 recolle que o propio Consello da Xunta ou o órgano de goberno de Galicia é o que define e aplica a política en xeral no eido audiovisual e nese senso nós entendemos que hai varias reformas pendentes de facer.

Dito de outro xeito, en catro anos se fixeron algunhas cousas ben pero outras son mellorables, polo tanto, eu digo alá onde vou, primeiro nós non somos unha forza política na que as persoas creamos que acerteamos sempre en todo, por iso de



entrada Quero aproveitar para pedir desculpas por aqueles erros que teñamos cometido nestos anos de xestión na Xunta de Galicia, porque dos erros temos que aprender para facer as cousas mellor, non somos infalibles nin temos a verdade absoluta e polo tanto eu creo que esa é unha parte importante, a de facer balance coa capacidade de autocrítica.

Dito iso en primeiro lugar, nós consideramos necesario facer unha reforma da Lei do ano 99 da lei de 1999 do Audiovisual de Galicia, aprobar unha normativa autonómica que regule a obriga de investimento do 5% por parte dos operadores de televisión, neste caso estamos a falar das canles públicas, pero tamén non temos que esquecer que o espazo de difusión audiovisual que se da a través das concesións correspondentes, é dicir, o que todo o mundo comunmente entende por canles privadas aínda que facendo uso público dun espazo, se terán que poñer en marcha nestes próximos catro anos ou cando menos hai unha obriga legal froito dunhas concesións que se fixeron no seu día.


En definitiva, hai unha televisión dixital terrestre e hai un desenvolvemento que facer a priori. Polo tanto cando falamos da reforma do audiovisual de Galicia e da aprobación dunha nova normativa autonómica que regule a obriga de investimento do 5% por parte dos operadores de televisión falamos de algo que para nós é importante e que consideramos que temos que abordar nos próximos 4 anos.

É preciso tamén levar adiante unha reforma administrativa ou dito doutro xeito, a necesidade de atender as demandas que nos tendes trasladado en moitas ocasións ó PSdeG para que haxa un organismo único ou cando menos que haxa unha mellor coordinación, unha coordinación máis efectiva das políticas que teñen que ver coa comunicación, co audiovisual en definitiva coa produción audiovisual, cinematográfica, en Galicia;

Penso que é unha eiva -non sei se é o momento se é o lugar, se toca se é politicamente correcto- pero como dicía antes tocouse a min vir a falar e eu digo que necesitamos un único organismo é non ter troceado e divididas as políticas e as decisións que se tomen.

Independentemente da quen lle toque xestionalo, haxa un modelo de goberno ou haxa outro hai unha necesidade evidente, desde o noso punto de vista, dunha interlocución- senón única en canto as persoas- si unha interlocución nunha mesma dirección entre o sector e a parte que opera o marco institucional en galego.

A reforma dos medios públicos de comunicación. Vou enunciar tres ou catro cuestións -como vamos a ter tempo despois para seguir falando-, tres ou catro cuestións que nos parecen importantes: a reforma da Lei do Audiovisual, a reforma administrativa e dicir que haxa un organismo único ou senón un organismo único que haxa unha coordinación mellor da que houbo nestes catro anos, a reforma dos medios públicos de comunicación que creo que é algo que está pendente pero que tamén inflúe de maneira decisiva en todo o que ten que ver co que é a produción



audiovisual e o conxunto do audiovisual galego e que terá consecuencias claras e evidentes e a política cultural e industrial do audiovisual.

Podería facer máis enunciados pero ao final resumiría nas catro cuestións claves xa citadas. Para o Partido Socialista de Galicia, para o PsdeG é importante que o audiovisual sexa un sector considerado industrial, é dicir a creatividade é importante pero é importante se lle damos valor engadido, se somos capaces de entender a potencialidade que ten o audiovisual para este país.

Polo tanto cabe destacar pola nosa banda que todas as medidas públicas de apoio ao sector audiovisual teñen que ter en conta primeiro as propias reivindicacións que se levan facendo.


Estamos a falar de establecer dedución fiscal para os inversores privados do sector audiovisual por poñer un exemplo; de mellorar a dotación e a capacidade das sociedades galegas como é AFIGAL ou SOGARPO co fin de optimizar a súa intervención nas operacións de empresas audiovisuais en relación coas liñas de axudas do Igape; estamos a falar das axudas que se poden conceder de forma anticipada sobre os proxectos nas cales temos que introducir máis criterios ou mellores criterios que garantan a transparencia e imparcialidade.

Polo tanto non está todo feito, é dicir hai unha parte que pode ser de balance. Entendemos por dar así algunha pincelada que parécenos interesante que sería bo a creación dun fondo de protección a cinematografía ao sector audiovisual de Galicia e abrir unha forma diferente de traballar no que se refire a presenza das empresas audiovisuais en mercados e festivais, é dicir, establecendo unha liña de axudas claras. Eu creo que iso tamén ten moito que ver cos organismos que temos e ca nova redefinición do mapa político administrativo no que se refire o audiovisual.

Hai outra parte que consideramos importante en torno a industria audiovisual que ten que ver coa promoción, coa internacionalización. Todo o que signifique coordinación tamén con outras comunidades autónomas; no que se refire as sedes comerciais permanentes do sector audiovisual galego no exterior, o que é o apoio a difusión e a comercialización no plano internacional con axuda a presenza en mercados e en misións comerciais, estamos en franca –ou polo menos esa é a nosa visión- estamos en franca desvantaxe con outros operadores e polo tanto a parte do inxenio, a creatividade, a capacidade das nosas mulleres e noso homes do audiovisual o que se necesita loxicamente é que isto forme parte da axenda política.

Que o audiovisual pase a ser unha prioridade, tamén é un elemento recorrente, manido cada vez que os políticos temos algún tipo de encontro co sector audiovisual.

Penso que o audiovisual é unha oportunidade para Galicia como país estable non que ten ver de creación no plano cultural e no que ten que ver de creación nun



marco estable para as empresas do audiovisual e polo tanto esas son liñas que o Partido dos Socialistas de Galicia vai a desenvolver nos próximos 4 anos se contamos coa confianza dos galegos e das galegas para ocupar unha posición no goberno.

Nós consideramos que o actual goberno, o goberno da Xunta de Galicia que preside Emilio Pérez Touriño foi un goberno que deu pasos na nova dirección pero tamén recoñecemos que hai inercias do pasado que seguen presentes, que seguen vivas e tamén consideramos que é necesario mellorar – como dicía con anterioridade- a coordinación entre diferentes departamentos dentro da Xunta de Galicia e tamén, non sendo politicamente correcto, non só entre socios de goberno porque calquera dos que estades hoxe aquí, seguramente mellor ca min sabedes que non se trata so de que haxa soamente un acordo entre consellerías ou entre secretarías dos socialistas e dos nacionalistas no goberno senón tamén entre outros departamentos que poden ter a mesma cor política; por dicilo dalgún xeito, que é importante poñer en común as políticas que se fagan desde o plano industrial tamén para o audiovisual, plano cultural, as políticas de comunicación, en definitiva, abrir un novo marco e unha nova forma de funcionar.


Eu creo que hai inercias do pasado que non se rompeu con elas que é importante que se poida romper de cara ao futuro pero tamén hai importantes pasos dados sobre todo dunha maneira nova forma de concibir o audiovisual en Galicia.

E quero rematar esta primeira intervención – na que creo que xa me alonguei en exceso- dando conta de algo que supoño que coñecedes todos e que forma parte dunha das nosas apostas en apoio ó audiovisual, como é o Plan de Apoio de Potenciación Cinematográfica Galega 2008-2010.

Este plan presentouse en xuño de 2008, de xuño 2008 a decembro 2008 e iso supuxo unha inversión de un millón de euros adicionais ao que estaba previsto e iso permitiu que houbera 14 produtos novos entre longametraxes, documentais, películas para televisión, *Tv movies*, en fin produtos que se fan a costa dun plan no cal o propio presidente da Xunta se comprometeu cun plan que ten vocación de permanencia e de estabilidade.

Entre o 2008 e o 2010, vaise facer unha inversión importante; en 2009 serán 3 millóns de euros adicionais, precisamente para seguir potenciando a produción cinematográfica galega e iso leva consigo, ademais de poder dar emprego a moitas persoas, pois tamén que se poida multiplicar nun 2'5 aproximadamente o que se viña facendo dentro do propio sector e que se poida traballar en produtos como as coproducións que podan xerar outro tipo de valor diferente.

Polo tanto creo que as aportacións que se fagan dentro de ese Plan de Apoio a Potenciación Cinematográfica son importantes. A nós parécenos que ese é un bo camiño, e nese camiño queremos contar con vos.



O que quero dicirvos e que para min como representante do Partido Socialista hoxe é unha oportunidade máis de poder escoitarvos máis alá do que eu vos poida transmitir, escoitarvos sobre todo naquelo no que non esteades de acordo ou naquelo que consideredes que hai que mellorar.


Debemos de poder falar e construír unha visión conxunta porque é positivo para o sector e porque o facemos nun marco posible, nun marco positivo e sobre todo nós entendemos que imos a ter – e así esperamos- unha oportunidade de seguir gobernando Galicia.

A min gustárame que o puideramos facer escoitando, compartindo, aprendendo e sobre todo sabendo que aquilo que non fixeramos ben tamén temoss que sabelo porque creo que para facer unha democracia de maior calidade, sexa no audiovisual ou en calquera campo da vida e da política pois se fai sobre todo escoitando as persoas que están día a día en cada sector. Teño algunha cousa máis para contar pero creo que fun máis alá do tempo que me déchedes e polo tanto xa me enrolle demasiado. Moitas grazas.

Mayte Cabezas Amigo: Grazas. Ten agora a palabra Diego Calvo Pouso vicesecretario do PP de Galicia na súa inicial exposición sobre as propostas do seu partido.


Diego Calvo Pouso: Moitas grazas e en primeiro lugar quero por suposto agradecer a invitación e a oportunidade que hoxe nos dades a todos de poder estar aquí con vós e explicarvos un pouco aínda que non sexa por todo o miúdo as propostas que cada un dos tres grupos que estamos en representación a día de hoxe no Parlamento, temos para o sector.

Eu quixera facer unha exposición, espero non prolongarme moito, se non me avisades tamén (porque senón nos vamos) pero eu creo que hai que facer unha introdución previa e a introdución é a seguinte. É certo -decía José Manuel- que os políticos e máis agora en pre campaña e campaña imos dicir que o sector audiovisual é un sector fundamental para todos nós e é certo. É un sector fundamental pero si me gustaría facer unha moi breve introdución con respecto a evolución do sector nos últimos anos, non so nestes catro desta última lexislatura senón das lexislaturas pasadas nas que tivemos oportunidade o Partido Popular de gobernar e é certo que naquel momento sobre todo gracias aos protagonistas do sector que é a produción, a distribución, e difusión pero tamén a unha serie de leis algunhas das cales aprobáronse por unanimidade dos tres partidos políticos por aquel entón tamén representados no Parlamento pois tiveron importancia para o sector. A creación do Centro Galego de Artes da Imaxe, a Lei do Audiovisual que efectivamente é necesaria esa actualización cando menos desa Lei, o Consello Asesor, o Consorcio Audiovisual Galego, o rexistro do sector audiovisual, etc. Todo iso fixo que ata o ano 2005 a importancia deste sector se incrementara moitísimo na economía de Galicia. Dende logo incrementouse o emprego relacionado co sector máis dun 60% dende o ano 95 ao ano 2005 e tamén a súa facturación; e claro chegado o ano 2005 prodúzose un cambio de goberno que para nós -desde a




nosa postura- tivo importantes consecuencias. Importantes consecuencias porque hai que analizar as políticas con outro prisma distinto –claro está segundo o Partido Popular-. Por que? Porque a partires do ano 2005 non houbo un goberno da Xunta de Galicia senón que houbo dous gobernos da Xunta de Galicia e a min alégame escoitar a Lage dicir que probablemente é necesario facer un organismo único; oe benvido, benvido, pero o principal exemplo desa duplicidade de organismos e dese reparto de poder, foi estes catro anos que acabamos de pasar. Facía un repaso antes, e resulta que claro, estes dous gobernos que fan? Pois prexudican a xestión e eficacia, como todos comprenderedes. Para nós este parcelamento da administración trouxo máis burocracia, máis ineficacia, máis clientelismo. Estamos nun debate aberto no que, loxicamente despois as vosas aportacións pois tamén fágase críticas do labor do Partido Popular antes se o estimades oportuno, coa labor do bipartito que está a piques de rematar nesta primeira lexislatura. Pero claro aquí agora resulta que temos que a Presidencia da Xunta de Galicia ocúpase da CRTVG, do Consorcio Audiovisual, do Centro Galego de Artes da Imaxe do CGAI, de Retegal, de Comunicación pero resulta que Cultura das axudas ao cine, televisión e multimedia; Economía co IGAPE das axudas económicas e Industria a través de Innovación tamén ten axudas claro, pero si existen case dous organismos, dous organismos que dende logo teñen que ser redefinidos porque están facendo ou nun principio poden facer funcións parecidas como é o Consorcio Audiovisual a Axencia Audiovisual Galega e outro terceiro que é a Axencia Galega de Industrias Culturais que incluso hai cousas que comparte cos outros dous organismos e por tanto todo isto a que nos leva: a unha maior ineficacia, a unha perda de tempo, a maior burocracia e a que moitas veces o sector estea un pouco desesperado cando ten que solicitar a axuda que é necesaria en determinados momentos. Polo tanto non hai ningún humano que sexa capaz de coordinar todo isto, de verdade, sexa do partido que sexa; non hai ninguén humano que sexa capaz de coordinalo, por iso a primeira proposta que nós levamos é que a cultura, o audiovisual e a comunicación para nós son economía de futuro. Na Unión Europea hai estudos que sinalan que en torno ao 5% do PIB está xerado por estes tres, ben por este sector. Por iso para nós é un motor da economía creativa de Galicia e recuperamos, queremos que a creación e as industrias creativas sexan compatibles coa cultura. Esas industrias de cultura, ese concepto que importamos do Reino Unido que creo Margaret Thatcher que despois Tony Blair o colleu para si é foi o piar desa “terceira vía”. Pois nós creemos que esas industrias creativas si que teñen esa función por iso queremos agrupar todas as competencias da área de comunicación e do audiovisual nun só organismo. Como? Cal é o formato? Ben falémolo co sector. Sentémonos nunha mesa e entre todos falamos, un organismo único, un organismo que cando alguén ten un problema ou alguén necesite dese organismo ou necesite do sector público saiba a onde ten que acudir e que se xestione todo alí.

En segundo lugar, estes catro anos que están a piques de rematar, para nós houbo unha política propagandística importante e hoxe, para nós, existen dúas políticas de propaganda, dúas políticas de comunicación paralelas e ao mesmo tempo distintas. O que fai un presidente resulta que pola tarde o fai o presidente dous ou o presidente bis e isto, o exemplo máis palpable, o do termo Galicia ou Galiza provoca un deterioro da imaxe institucional e ademais ten máis custes; por iso




dende principio da lexislatura prometeuse unha lei de publicidade institucional que non se chegou a presentar no Parlamento; unha lei que xa existe a nivel de España, que ten 15 artigos; non é unha lei galega. Pode ter vinte ou vintecinco ou corenta e cinco se o consideramos oportuno pero en principio creo que non debería ser unha lei excesivamente complicada para poder sacar a adiante e sen embargo non se quitou porque non houbo un acordo entre os dous grupos que sustentaban ao goberno. Hai, ben, tiña algún artigo dalgunha revista neste sentido que parécenos que pode falar, se logo sae o tema acerca da política de comunicación do goberno; iso é algo que para nós ten que cambiar. A proposta por tanto é facer unha lei de publicidade e comunicación institucional da Xunta de Galicia. É importante que a relación do goberno da Xunta de Galicia cos medios sexa controlada e sexa lexislada que exista unha lei a que poder aterse. Creo que hai que ser valentes e esas axudas aos medios de comunicación teñen que facerse cun soporte legal. Non se trata de conseguir un goberno a curto prazo senón que hai que ser valentes e dicilo, ten que haber un soporte legal. Que haxa unha convocatoria con ese soporte legal e sobre todo, transparencia e evitar o que dicía -teño un recorte dalgún sindicalista da CIG por exemplo-, que dicía que o único que lle preocupaba a este bipartito era controlar a prensa. Ben, pois creo que é necesario que poñamos fin a todo ese tipo de prácticas e polo tanto si que é necesario unha lei de publicidade e de comunicación institucional. Tamén é necesario reformar os medios públicos de comunicación e é certo. É un dos catro incumprimentos que este bipartito da Xunta de Galicia ten destes catro anos. Nese acordo de goberno, do Bloque e o PSOE había catro compromisos relacionados cos medios de comunicación; ningún dos catro cumpriuse pero este ademais é un explícito que en parte, supoño, polas denuncias que fixo o Partido Popular, en parte polos temas que pasaron (que seguro todos coñecedes dentro da CRTVG) pois foi unha promesa que se repetiu ao longo de toda a lexislatura e non se chegou a formular finalmente. Está claro que a día de hoxe existe un proxecto pero que non interesou -dende o punto de vista do Partido Popular- levalo ao Parlamento antes das eleccións autonómicas de agora, do mes que ven; non sabía se eran en marzo ou en xuño pero estaba claro que ese proxecto existe, non sei se a primeira ou terceira; digamos que o proxecto que fixo un coñecido despacho que seguro igual algún de vós xa coñece, pero en definitiva non interesou levalo porque o que interesaba era seguir con este sistema ata as eleccións e poder manter ao actual director da CRTVG. A nosa proposta é que esa comisión que se constituíu, efectivamente para elaborar esta nova lei, pois ao mellor nesa comisión habería que introducir algunhas persoas ou algunhas entidades máis como por exemplo o Consello da Cultura ou a Real Academia Galega, por exemplo. Entre outras cousas, para nós, esa nova lei ten que incluír que os membros do Consello da CRTVG sexan elixidos por maioría de dous terzos polo parlamento pero con algunhas novidades, por exemplo, que ese consello se reduza en número a sete participantes e ademais que o seu mandato sobrepase a lexislatura, que sexa de cinco anos e que se establezan claramente cales son as incompatibilidades e as responsabilidades dos membros do consello de administración. Que o director ou presidente, como se designe nesa lei, nesa nova lei da que falamos, que tamén sexa nomeado por unha maioría cualificada de dous terzos na primeira e sucesivas voltas porque con isto, e o dicimos antes das eleccións, nos comprometemos a que o que sexa director xeral ten que estar ou



teremos que estar en principio unha maioría cualificada bastante importante e o dicimos agora que estamos na oposición e o asumiremos como unha proposta que facemos agora e cando esteamos no goberno. Non queremos dous terzos na primeira volta e maioría simple na segunda volta porque iso sería facerse trampas ao solitario. Queremos dous terzos e sabemos que si gobernamos a partires do 1 de marzo vamos a ter que sentarnos co PSOE e Bloque e imos a ter que consensuar unha persoa, pois si. O dicimos antes, non despois. E que tamén sexa por períodos de cinco anos e con dúas lexislaturas ou con dous mandatos como máximo; non creo con vinte que ninguén sexa o que sexa non como o director da CRTVG se quede pegado ao seu asento: tamén os deputados e tamén en todos os ámbitos da vida pois o cambiar de sitio en cada momento pois é bastante enriquecedor e iso pode estar ben. Pero tamén é necesario que o nomeamento da equipa directiva deses medios de comunicación públicos sexa sometido a un informe do Parlamento. Creo que sería bo que se acabasen coas dúbidas de determinados nomeamentos, que non se diga que este é amigo dun ou doutro, non. Creo que é necesario para profesionalizar os medios que existan, se necesita un informe coas capacidades e aptitudes que pode ter esa persoa e en función da súa experiencia profesional e da súa formación. E que o Parlamento saiba de antemán e que de o visto bo a eses nomeamentos. Claro que o director terá a súa autonomía para facer os nomeamentos pero tamén creo que é necesario que se de conta dos mesmos e se introduza transparencia. Loxicamente nesa lei ten que ter especial protagonismo esa segunda canle da CRTVG que levamos non sei cantos anos falando, xa na época do PP e durante estes catro anos tamén; e loxicamente tamén e algo que incorporar a esa lei. Pero tamén hai que facer un marco legal audiovisual. Eu creo que hai que falar dun Consello Audiovisual de Galicia como un órgano regulador dos medios públicos con cinco ou sete membros como máximo, que teña un estatuto similar ao que ten o Valedor do Pobo que non fai falta dotalos de novos medios senón que no parlamento temos medios suficientes para poder suplir ou para poder levar a cabo esas función que pode levar a cabo este consello audiovisual e que teña como competencias facer un dictamen ou adxudicación de novas frecuencias ou un control dos medios de comunicación públicos. E necesario esa reforma da Lei Audiovisual de Galicia é certo. Esa Lei leva moitos anos e a día de hoxe a realidade cambiou é evidente, e neste sector máis que noutros e polo tanto si que é necesario, non sei se se chama xuridicamente, renovar ou reformular esa Lei ou facer unha nova, non o sei, chámese como queira pero dende logo a situación cambiou bastante.


Nesa nova Lei hai que atender esa nova realidade e facer un impulso a TDT e a Sociedade da Información e ollo, é necesario -desde o noso punto de vista- levar a cabo unha certa harmonización en toda España. Hai en cada comunidade autónoma, loxicamente está facendo a súa propia, pero como estamos nun proceso de elaboración de estatutos das comunidades autónomas pois tamén estanse incorporando competencias nunhas comunidades e noutras non e eu creo que sería importante que fose medianamente harmonizado por unha lei estatal. Para finalizar, como dicíamos antes, o impulso a TDT. Todos sabemos que falamos do 2010 como o ano no que se produce o apagón analóxico pero a día de hoxe os datos dinos que a maior parte das empresas aínda teñen -ou digamos por facer-



pouca da inversión necesaria polo tanto ao mellor hai que sentarse nunca mesa e non facernos trampas a nós mesmos. É necesario estudar un anticipo dunha moratoria para toda España ou non, pero é necesario falar delo, non vale mirar para outro lado. É un plan de axuda para o desenvolvemento da TDT en Galicia. Isto era máis ou menos unha explicación inicial e despois supoño que haberá dúbidas ou contrarréplicas.


Mayte Cabezas Amigo: Xa tivemos ocasión de contrastar dúas opinións as veces encontradas e con algunhas sorprendentes coincidencias. O último que escolleu o seu papeliño de quenda e non por iso menos importante, seguramente nos sorprende con algunha manifestación xugosa, é Xosé Ramón Paz Antón, deputado do BNG.

Xosé Ramón Paz Antón: Moitas grazas. Agradecer tamén o convite e agradecer tamén a vosa presenza e o voso interese por escoitar as nosas propostas. O BNG preséntase a unhas eleccións despois de estar no goberno; é a primeira vez que isto acontece é isto supón que ademais de presentar propostas, iniciativas, podemos tamén presentar o balance dun traballo realizado. Neste caso nós poñemos como aval da nosa forma de xestión o realizado nunha parte do audiovisual que é a que nos tocou xestionar a raíz do pacto de goberno do ano 2005; é esa parte que comeza cando a idea toma forma e logo se produce. Nese sentido hai moitos aspectos que serían destacables. No eido da produción sabedes que o crecemento foi exponencial, concretamente por poñer un caso, no ano 2007 realizáronse 274 producións no noso país e estas producións ademais chegaron por primeira vez a abranguer todo tipo de contidos, desde o *thriller*, a comedia, a *road movie*... é dicir todo tipo de formas de expresión que tiveron a súa manifestación no audiovisual galego. Houbo tamén un compromiso pola animación e por os contidos dixitais. Houbo un interese por dotar ao audiovisual galego cunha mirada propia dende o noso propio país. Nese sentido podemos citar que houbo 14, máis de 14 longametraxes de ficción, 70 longas documentais e 160 curtametraxes en versión orixinal galega. No eido da promoción e da divulgación houbo tamén iniciativas moi salientables; eu creo que unha importantísima, nestes últimos día é o portal da web *flocos.tv* que supoño que coñecedes. 250 mil visitas leva en pouco tempo. Ben, estes son feitos, non se trata de facer aquí un balance exhaustivo e seguramente queredes escoitar propostas pero este balance dende logo estaría ben coñecelo polo miúdo. Seguramente, vós que sodes do sector estades moi ao tanto de todo este asunto. Propostas. No BNG o que pretendemos é que na vindeira lexislatura todas as competencias do audiovisual, tanto a súa estrutura orgánica como o orzamento pasen a ser competencia da Consellería de Cultura, do departamento que xestione Cultura e isto dicímolo por tradición universal dos organigramas institucionais e dicímolo para o noso goberno, para o que ven despois e dicímolo para calquera tipo de goberno sexa de coalición, sexa monocor, sexa nacionalista, de esquerdas ou de dereitas. Nós creemos –e é unha cuestión de principios e de ideas- que o audiovisual forma parte da cultura e das industriais culturais. Nese sentido seguimos dicindo o mesmo que dixemos sempre. Creemos que a división do



audiovisual non é boa, nin para a cultura nin para o audiovisual. Nese sentido esta é nosa posición neste tema.


O noso programa contén catro aspectos básicos a destacar, un deles coincide xa coas exposicións que levamos escoitado: unha reforma dos medios públicos de comunicación que hai que abordar -nós dicimos nos primeiros meses da legislatura. En segundo lugar, asumir novas competencias autonómicas, a través do proceso dun novo estatuto temos que dotarnos de novas competencias en materia audiovisual. Por exemplo: control de billeteira, cualificación do material audiovisual, etc.,. Son aspectos que xa están contemplados noutros estatutos como por exemplo no de Cataluña e en concreto estas competencias xa foron ofertadas polo Instituto Cinematográfico e das Artes de Cataluña, neste momento. Pensamos tamén en terceiro lugar, que sería importante ir pensando na creación dun consello – podería ser esa a fórmula- dun Consello Superior do Audiovisual que fose un organismo que actuase como árbitro independente, con competencias para vixiar o espazo audiovisual e o cumprimento das normas lexislativas que afectan a este sector. E en cuarto lugar, o lugar que culmina digamos a nosa visión da política audiovisual: o desenvolvemento integral do AGADIC -da Axencia Galega de Industrias Culturais- como ferramenta ao servizo da industria audiovisual galega. Polo tanto o AGADIC será quen execute -dende o noso punto de vista- quen debería executar a política audiovisual e que esa política de fomento a produción audiovisual débese integrar -como xa dixemos antes- apoiando os proxectos da produción independente ao longo da súa cadea de valor, dende que nace a idea matriz ao desenvolvemento, a produción, a comercialización e internacionalización, incentivando o óptimo desenvolvemento dos recursos públicos e privados en toda a cadea de valor do audiovisual. AGADIC desenvolverá -entendemos nós- ademais políticas integrais de asesoramento a empresas, a novos emprendedores ou a proxectos específicos e tratará de desenvolver unha sinerxia especial coa industria europea coa que se pretende acadar niveis de colaboración e coordinación nos vindeiros anos. En concreto, supoño que sabedes que o día 13 deste mesmo mes se produce un primeiro paso, un primeiro avance, que é unha xornada informativa do programa Media e eu creo que en breve tempo tamén un segundo paso sería a sinatura dun protocolo de colaboración que se está a negociar neste momento con Portugal. AGADIC como ben sabedes na súa estrutura -aínda que está sen resolver o seu regulamento- na estrutura da súa dirección está conformado por Cultura, Industria e Economía. Son as tres patas que atinxen directamente ao audiovisual. A Cultura, na xestación e da creación dos prototipos; a Industria, nos procesos de seriación industrial e comercialización dos prototipos e nas axudas industriais e a Economía como - lóxicamente- propulsora ou activadora das ferramentas financeiras para desenvolver os proxectos e as propias empresas. Polo tanto entendemos que a Axencia Galega das Industrias Culturais é o lugar onde o audiovisual debe desenvolverse e precisamente na dirección desta Axencia están as tres partes implicadas directamente. Faltaría -e isto probablemente a través da reforma nunha nova lei dos medios de comunicación sería o momento de tratar- habería que artellar os mecanismos de coordinación e de colaboración estable coa TVG.



Estas son digamos, as catro medidas importantes e podemos tamén destacar algunhas accións concretas que a nós parécenos deberanse desenvolver. No eido da produción concretamente, continuar con este esforzo de incremento cuantitativo (os últimos datos do Mestre Mateo xa sabedes que son desbordantes) en fin, hai que seguir nesa actividade así como na mellora de estándares de calidade e de compromiso co tecido profesional e empresarial do noso país. Tamén do noso imaxinario e tamén da lingua e da cultura galegas. Creemos como xa dixemos que AGADIC é quen debe desenvolver estas políticas é a través de AGADIC vanse a desenvolver as convocatorias de axudas. En concreto neste mes de febreiro van a aparecer convocatorias de impulso ao talento audiovisual galego, ao desenvolvemento de producións audiovisuais, axudas a produción e a coprodución, etc, etc., e podemos destacar algunhas como os préstamos reintegrables ou programas específicos de fomento e optimización do talento audiovisual (xa hai proxectos a estudo co Cluster do Audiovisual). No eido da comercialización eu destacaría a implicación necesaria da Consellería de Industria no sector audiovisual relativa, por exemplo, a renovación de equipos informáticos ou de produción, especialmente na área de empresas e servizos; nas axudas I+D especialmente nas áreas de novas tecnoloxías e da industria da animación; ou axudas a comercialización da produción cinematográfica e esta convocatoria en concreto é unha das que vai saír en febreiro resultando unha iniciativa pioneira no estado español. Creación dun circuío paralelo de exhibición, e dicir, nós creemos que hai un problema coa exhibición, as salas son todas –como sabedes- de quen son, son as terminais dun sistema industrial estadounidense e todo o que se faga por estar aí pois moi ben pero é un labor realmente titánico é difícil e nós o que pensamos que se pode crear é un circuío paralelo. Hai lexislación neste momento que fala dos cines municipais como unha fórmula acaída e nós estamos a traballar e creemos que se pode crear un circuío autosostible de comercialización e de distribución retornando as inversións aos propietarios dos dereitos de explotación. É dicir negociar a creación nas cabeceiras de comarca probablemente en colaboración con municipios de salas de exhibición -salas de pago, loxicamente- utilizando un abaratamento de custes en canto a sistemas de proxección. Ben, do que se trata neste proxecto que se está falando co Ministerio de Cultura é de ter unha actividade neste sentido, primeiro cun investimento grande en canto a dotar de medios tecnolóxicos avanzados para a exhibición dese circuío paralelo.

Mayte Cabezas Amigo: Imos rematando porque se non logo a participación vai ser moi breve.

Xosé Ramón Paz Antón: Pois entón resumo. Tiña máis medidas que comentarvos no eido da comercialización e tamén no eido da difusión e da información...pero ben...temos máis tempo para falar e seguireivos comentando algunhas ideas. Mais nada. Agradecervos a atención e desculparme porque estaba tan embebido na historia que me pasei do tempo.



Mayte Cabezas Amigo: Grazas. Agora si. Tiñamos pactado un intercambio de valoracións entre os relatores sobre as súas locucións, comentarios que espero sexan moi breves.

José Manuel Lage Tuñas: Pola miña parte deixei algunhas cousas no tinteiro e paréceme máis importante que polemizar, por iso vou tentar darlle un enfoque positivo.

Hai cousas nas que coincidimos e outras nas que é evidente que hai diferentas entre os diferentes partidos políticos. Vou optar por dicir algunhas cousas máis que forman parte un pouco do programa e das ideas que temos para os vindeiros catro anos dende o PSdeG.

Por exemplo, non comentei con vós a necesidade da creación dun Consello Superior do Audiovisual de Galicia. Nós entendemos que existe a necesidade de crear un organismo destas características fronte a un Consello Superior de Telecomunicacións e Audiovisuais existente. A creación do Consello Superior Audiovisual debería actuar como un organismo que fora supervisor, que fora regulador, que fora sancionador, que fora independente.


Eu sei que sempre se fala -por abrir un paréntese- de que os organismo sexan independentes, de que non haxa amigos e que se nomee a xente porque é profesional. Iso está todo moi ben. Eu supoño que é difícil que non haxa amigos dalguén en termos xerais cando se trata de calquera sector da sociedade no que proliferan as relacións humanas, é lóxico é razoable, pero eu creo que o que se debe de premiar é a profesionalidade non a amizade, tratar de busca un produto en todos os termos o mellor feito e que cree valor engadido e desde logo que haxa unhas regras de xogo.

O fundamental é que haxa regras de xogo e igualdade de oportunidade tanto para as empresas como para os actores como para aquelas persoas que forman parte do amplo mundo do audiovisual.

Pero tamén ese Consello Superior do Audiovisual debía ser un órgano de control e de deseño da política audiovisual de Galicia. Seguramente non hai que copiarlle en exclusiva un modelo a ninguén, pero creo que hai que aprender de todo o mundo; non sendo perfecto, non estaría de máis que tomáramos de referencia, por dar un exemplo, o modelo catalán, seguramente moi mellorable.

A min paréceme que é un modelo a ter en conta, cando menos a ter en conta. Nós non temos porque ser iguais nin fotocopias del, pero temos que mirarnos no que fai outra xente é desde logo a min non me parece mal.

Vamos a impulsar o plan de apoio e de potenciación da produción cinematográfica 2008-2010 do que vos falaba antes, -e esa é a idea- que teña vocación de continuidade, que sexa un marco estable de apoio ao sector e que



axude e permita que eses 13 millóns de euros signifique (non é so pontificar empregos...) dar 6 mil empregos.....Trátase, cando menos, de consolidar a un sector, de que haxa ese marco de estabilidade e tamén unha cuestión que non me parece menor, que o plan recolla a obrigatoriedade en canles públicas ou privadas (cando falamos de privadas sempre ocupando un espazo, unha concesión pública; non existen, as canles privadas) sabendo que os organismos públicos si poden actuar fronte esas canles privadas para esixir un mínimo anual do 5% da produción europea –sabedes que estamos nun contexto europeo e polo tanto hai que introducir unha serie de limitacións- pero tendo en conta que o 60% dese 5% sexa en linguas dentro do Estado.


Recapitulando diría o seguinte:

Unha, nova Lei do Audiovisual de Galicia; Dous: organismo de coordinación único – é dicir- que haxa un único camiño, que melloramos a coordinación (é mellorable, desde logo); Tres, reforma dos medios públicos; catro, apoio a política industrial e polo tanto que as políticas industriais –entendendo a cultura como unha posibilidade de industria xeradora de emprego e de riqueza- teña en conta o que é a promoción e a internacionalización e nese sentido pareceríame importante tamén o papel que debería xogar a Compañía de Radio Televisión de Galicia, non so no apoio económico que se poida prestar senón tamén na promoción, a difusión e na internacionalización.

E no plano da industria, dúas cousas. Unha o que son as reformas das axudas de innovación tecnolóxica das empresas do sector audiovisual. Nós creemos que hai que facer uns investimentos específicos en alta tecnoloxía. E outra cuestión (que seguramente haxa diversidade de opinións) que é a creación do Servizo Galego de Dobrax. De momento foise por outro camiño, non estaría de máis que se valorase esa posibilidade. E unha última cuestión que ten que ver coa posible creación dunha Escola Superior de Cinematografía en Galicia ao igual que a potenciación do Centro Multimedia para investir na renovación de contidos e mellorar a especialización da formación. Creo que hai moitas outras cousas pero aínda teremos tempo de seguir falando....

Mayte Cabezas: Pero iremos por partes.

José Manuel Lage Tuñas: Non quería deixar de comentar estas cuestións que para nós son importantes e desde logo que son moitos retos para catro anos pero son retos reais para aqueles que entendemos que o audiovisual debe ser unha prioridade. Xa digo que creo non debe ser unha frase manida que se inclúa cando son as campañas electorais pero debe incorporarse a axenda política porque igual que falamos do agro, da pesca, como sectores estratéxicos e evidente que temos que apostar polo coñecemento, pola creatividade porque nós non temos que pensar que estamos en inferioridade de condicións con respecto a outras xentes. Estamos nun mundo globalizado, nun mundo capitalista, sen dúbida pero temos bos creadores, temos boas empresas, temos bos profesionais, e polo tanto non lle poñamos portas




ao campo e fagamos o posible por mellorar o país construíndo entre todos. Eu desde logo vou a fuxir de polemizar co pasado, co que se fixo, co malos que eran uns e outros porque ao final o que temos é mirar cada adiante e tratar de tirar para diante.

Mayte Cabezas Amigo: Estamos hoxe falando dun sector estratéxico, (designado así unanimemente por todas as forzas políticas), o audiovisual. Lembro que levamos unha década con esa cualificación.

Un minutiño para expoñer o que quedara pendente e abrimos xa a participación a todo o mundo.

Diego Calvo Pouso: Eu non quero repetir o que dixen na primeira intervención pero si que é verdade é que as nosas apostas son esas e sobre todo unha reflexión que quero quede enriba da mesa: o sector audiovisual (vós o coñecedes moito mellor do que o coñezo eu, por suposto e seguramente mellor incluso que as persoas que fixeron as aportacións ao noso programa) pero hai algo que é importante e que esa labor do Cluster do Audiovisual debe ser para nós de poñer, ou de sumar ou de conseguir unir o que son os contidos e o que son as tecnoloxías. O sector audiovisual, desde o noso punto de vista, tivo unha evolución moi importante e moi boa durante moitos anos; durante estes últimos catro anos seguro que tamén pero se atopou –dende o noso punto de vista- cun problema fundamental que foi esa diversidade de portas as que tiña que chamar e que todos coincidimos en que efectivamente temos que poñer unha única porta onde se ten que acudir cando se necesite axuda ou cando se necesite consello ou que se necesite calquera tipo de acción que ten que levar un goberno, pero iso é fundamental sobre todo como reto de cara ao futuro porque é certo que falábamos antes de medidas a curto prazo e tanxibles pero eu creo que é fundamental unir a través do Cluster esa industria, eses contidos con esa tecnoloxía porque a día de hoxe ademais os temos e se os temos é unha pena que moitas veces perdamos o tempo en outros tipos de discusión e non nos poñamos a traballar todos a traballar no mesmo sentido para acadar un sector que sexa realmente importante pero que o sexa moito máis no futuro.

Xosé Ramón Paz Antón: Completar un pouco máis o que estaba citando antes que eran medidas máis concretas que nós propoñemos. Respecto a comercialización e participación pensamos que é importante a participación en mercados, en festivais, en mostras singulares profesionais. Impulsar tamén as plataformas na rede, actuar baixo esa marca interesante para a internacionalización da cultura galega e que xa está funcionando e que é “Galician Way” e realizar accións institucionais específicas con axentes de vendas internacionais. No eido da difusión continuar con iniciativas como Cinemas Dixitais, como Flocos.tv e tamén é importante a formación dos traballadores e traballadoras do sector audiovisual e todo o que hai que facer con respecto ao patrimonio audiovisual. Dixitalizar e recuperar imaxes en super 8, en cine aficionado, etc., de obras da nosa historia do audiovisual e favorecer tamén os ensaios e investigación; nese sentido hai xa creado un premio que como coñecedes




é o Premio Mari Luz Morales. E seguir traballando para que o audiovisual siga dándonos alegrías como por exemplo a que imos ter dentro de pouco que é a de que Fantasporto lle adique por primeira vez unha semana integramente ao novo audiovisual galego. Isto sería un paquete de medidas. Non sei se me adiquei demasiado a desmiuzar o que pensamos, pero se o desmiúzo tendes máis información e en calquera caso era do que se trataba de que coñezades o que nós pensamos.

Mayte Cabezas Amigo: Moitas grazas aos tres pola participación. Agora si, ide erguendo a man e facendo a pregunta que consideredes para lles consultar algo aos nosos relatores.


1ª Intervención (Marcos Gallego): Eu máis que consultar o que quería era expoñer o que considero ao respecto do que estabades a dicir aí. En principio me gustaría dicir que fai practicamente doce anos que levo oíndo o mesmo discurso; xa era antes fai oito anos e foi agora fai catros anos, basicamente o mesmo discurso. Vos sodes os que tendes a responsabilidade de legislar e eu non sei a que tivéchedes ata agora e a que tenderedes despois o caso é que o sector audiovisual non vai a poder funcionar en condicións mentres non exista un marco regulamentario en condicións. A Lei que tiñamos, que por certo está moi ben que se diga que o sector é un sector estratéxico e todo isto pero despois de todo, no fondo dáme a impresión que ningún grupo cree niso porque en realidade se fose así a Lei que había por suposto foi aprobada por unanimidade pero tamén foi porque o sector foi quen pediu que esa Lei fora arriba e despois non se cumpriu, non se desenvolveu completamente. Hai un exemplo que é básico: por que non existe un rexistro de empresas do audiovisual de Galicia? Publicouse no DOG e aí se quedou. Son cousas superbásicas. A lei agora mesmo –tendes razón todos– está completamente desfasada pero claro, a situación actual das empresas permite esperar outros catro anos para ter unha Lei en condicións? Isto é o que formulo eu. Dáme a impresión de que isto non é así. Por suposto que hai marcos nos que mirarse. Está a lei do audiovisual catalana, está o “modelo francés” e incluso está o decreto lei vasco, en fin.. Hai modelos onde mirar as cousas. A cuestión é, existe vontade política para que isto non siga como está ata agora?

José Manuel Lage Tuñas: Ben eu por recolle-lo guante e non fuxir do que formulas, o máis fácil para min é como non falo no plano persoal falarei como corresponde como organización. Fai 12 anos eu tiña 18 e foi a primeira vez que votei; dito isto creo que tés razón. Dándoches a razón non arranxamos nada. É unha cuestión de fe? Eu o que digo é que a Lei é un dos catro puntos que eu citei que son fundamentais xunto coa reforma administrativa, o apoio a industria e a reforma dos medios públicos de comunicación. A reforma da Lei Audiovisual para nós é necesaria e polo tanto legislar leva un tempo. E evidente que se puido facer neste período de catro anos. Ben, non formou parte das prioridades do goberno, do conxunto do goberno e das forzas políticas que compuxemos o goberno; terá que formar parte nos próximos catro anos. Nunca se pode esperar, pero si non temos ese marco, dotémonos dese marco. Un marco. Desde logo eses exemplos que



puxeche son unha referencia. Eu antes citei o modelo catalán, loxicamente me parece válido o francés ou calquera aportación como que falabas do decreto vasco. En todo caso a coincidencia creo que é boa. Despois é certo que se dan tamén as regras de xogo que hai no propio Parlamento e as veces non se consegue a unanimidade. Creo que a Lei do 99 e máis unha conquista do sector que unha decisión política do goberno daquel momento. E non o digo como crítica a aquel goberno que para min sería máis fácil. O que creo é que a Lei do 2010, do 2009 ou do 2011 é dicir da lexislatura que ven debe de ser tamén unha lei do sector pero na cal os grupos políticos teñamos maior implicación. Pero creo que a Lei non so é o marco se non tamén que sexamos capaces de definir cales son as prioridades dentro desa Lei. Eu antes falaba do Consello Superior do Audiovisual pero podemos falar doutras cuestións que tamén atinxan a como tratamos a distribución, a comercialización, a formación de profesionais, é dicir, vamos a facer, cal é a vosa opinión en torno a unha lei. Facemos unha lei marco? Facemos un desenvolvemento regulamentario desa lei? Cal é o mellor modelo? Tratamos dentro do sector audiovisual os diferentes subsectores de forma específica? Porque despois tamén no marco, no conxunto do sector audiovisual hai intereses enfrontados e contrapostos. Digo que sempre é fácil para nós facer un enunciado de vamos a reformar a Lei pero despois hai intereses contrapostos. Polo tanto eu creo que calquera reforma lexislativa, esta a creemos importante e estamos comprometidos a facelo, desde o PSdeG, pero sen dúbida creo que temos que facelo sendo capaces de abrir mesas de diálogo, focos, foros, chamémoslos como queiramos; sendo capaces de establecer canles cos diferentes subsectores porque é evidente que hai colisión de intereses. Igual que hai colisión de intereses en ámbitos concretos noutros campos da vida, tamén os hai no sector audiovisual por tanto, creo que a urxencia -non é en seis meses- non se trata do que resolvamos en seis meses o do audiovisual; trátase que do que falamos sexa de xeito concertado. Creo que é moi importante e cada vez máis que as políticas se fagan de xeito concertado porque podemos chegar con moita urxencia pero podemos non dar respostas axeitadas e polo tanto se desde o 99 a aquí non fixemos unha reforma, fagámola, pero fagámola con sentido común e sobre todo coa mesma implicación que tivera o sector no 99. Que non sexa malo iso, que xa sei que non dixéchedes que fora malo todo iso. Eu recoñezo que a Lei sobre todo fíxose pola implicación do sector audiovisual e o PsdeG foi detrás do que vos puxéchedes enriba da mesa, tampouco nos enganemos. Polo tanto, historicamente non ten formado parte da axenda política deste país, en fin, calquera pode facer un titular con iso. Podemos dicirnos a cara que hai cousas que si funcionaron e hai outras que teñen que funcionar no futuro. Iso é o que che quería dicir.

2ª Intervención (Marce Magán): Agora que estamos en "petit comité" podemos falar así, claramente deixando os exercicios de diplomacia para outros momentos. Xa sei que estades en campaña e esas cousas pero deberíamos empezar a dicir as cousas polo seu nome. O digo porque podémonos perder en moitas divagacións pero realmente todo ten unha divagación. Constatar que os catro anos da lexislatura bipartita foi un tremendo erro desde o punto de vista do audiovisual (creo que non digo nada que sorprenda a ninguén dos presentes). É curioso porque ves os pactos de goberno do bipartito son unha ambigüidade politicamente moi correcta pero




realmente cando entras xa en materia dáste conta que non se cumpriu nada do que alí había, nada, absolutamente nada. Entón, o tema este da política audiovisual é moito máis sinxelo do que parece, non é unha entelequia, realmente básase (baixo o meu punto de vista) en catro cuestións troncais. Unha é a reforma da TVG. É dicir que está sen facer. A TVG non sabemos exactamente o que é, non entendemos realmente que función pública cumpre. Hai un Consello de Administración evidentemente e tal...iso retrotraenos a reforma dos medios de comunicación galegos, a nova Dirección Xeral,...Pero ben o que compete exactamente ao audiovisual son dúas cousas: unha a Lei do 5%. Non sei se sodes conscientes de que a TVG non cumpriu de forma fragrantemente e penalmente reprochable a Lei do 5% que obriga a investir o 5% en produción independente galega; que o que ten para o audiovisual galego é iso, punto. Número dous, se a TVG realmente traballou nunhas claves que podemos entender de non comprensión sobre a produción independente galega. Realmente traballou cos medios de comunicación públicos máis potentes deste país. Despois sobre política audiovisual hai unha evidente diverxencia entre o PSOE e o BNG que é inasumible. A política audiovisual debe estar nunca soa dirección, sexa do Bloque, do PSOE ou de quen sexa, iso xa é cousa vosa. O que non podemos admitir –e mal vamos se empezamos a falar de nomenclaturas, consello superior ou consello non sei que..- trátase de construír, non de construír máis do que temos; se sóbranos organismos, nomenclaturas. O que queremos é tirar pa abaixo. Unha é suficiente. O Consello Audiovisual realmente é un consello de supervisión de contados e tal; iso está ben que exista. Pero o que fai falla é un organismo único e realmente os logros que se poidan entender – que si que os hai-son máis froito de iniciativas persoais, de persoas concretas (algunhas presentes nesta sala) como pode ser a Axencia Audiovisual Galega que de políticas claras, dirixidas, dun goberno. Falemos claro. Que é a Axencia Audiovisual Galega? A Axencia Audiovisual nace da inquietude persoal de determinadas persoas e punto final. Despois, o tema do AGADIC.

Mayte Cabezas Amigo: Pídvos que tamén sexades breves.

Marce Magán: Si perdón. E a reforma dos medios públicos...home no sei. Creo que si vivimos nunca democracia, vivimos nunca democracia e punto. Tampouco pedimos moito se realmente entramos nunca dinámica que nos permita a todos vivir e respectar, simplemente. Nesta política de que os medios públicos sigan aínda...o goberno siga subordinado aos medios públicos galegos desde logo, desde moitos puntos de vista, non o vamos a aceptar.


Xosé Ramón Paz Antón: Brevemente manifestar a coincidencia ca maior parte do que tés expresado e concretamente dicir que a Axencia Audiovisual Galega é a plasmación da proposta do BNG na parte que lle tocou para materializar a súa acción política respecto ao audiovisual e os feitos do creado durante este tempo na Axencia Audiovisual Galega é o aval que nós temos, o que nós mostramos para o que pretendemos facer en todo o total do audiovisual. Esa é a nosa proposta.



José Manuel Lage Tuñas: Como tes feito algunha alusión, eu penso que non se trata de crear máis organismos como ti dicías. Coincidimos en que o Consello Superior non é crear un chiringuito máis. Se había chiringuitos antes..o termo sempre é adecuado se se utiliza para outros novos. En todo caso do que se trata cando enunciábamos catro puntos e eu así o facía: reforma da Lei Audiovisual, un único organismo ou unha única coordinación das políticas, unha reforma dos medios públicos e apoio as políticas industriais na creación audiovisual. Ao final ti, na túa intervención tocaches eses catro puntos como centrais, polo tanto hai coincidencia pero quero tamén que saibas dende a miña posición, dende o PSdeG, a nós parécenos que a Axencia Audiovisual Galega fixo o que puido dentro das marxes que tiña. Creo que as políticas non deben depender das iniciativas persoais por máis que individualmente poidamos recoñecer o gran valor que teñen algunhas persoas por que seguramente sen a súa aportación seríamos moito menos do que somos. En todo caso, hai algo que é mellorable, é mellorable en termos de coordinación. E o que dis ti de que a política audiovisual e máis fácil, ben, eu creo que é sinxelo que coincidamos nos puntos que temos de encontro e máis complexo que nos poñamos de acordo por que senón o teríamos feito. En todo caso, a parte de todo o que comentaches non estaría de máis que tivéramos en conta a parte que ten que ver co factor financeiro ou co o que é a consolidación dun sector.


Hai unha parte da que se fala pouco, en determinados ámbitos, máis nos ámbitos políticos que é o que ten que ver cunha parte importante do que é o instrumental, a intendencia, o persoal que fai posible a creación. As empresas son importantes pero tamén é importante que contemos con montadores, con realizadores, que contemos con persoas formadas e que as temos no país e polo tanto cando as veces se nos enche a boca a hora de falar do que hai que facer no país e do que non hai que ir a buscar fóra. Tamén temos que ser capaces de visualizar como formar e como ser receptores porque creo que hai unha xeración nova de persoas xa nadas en democracia que teñen feito unha aposta no plano persoal, individual, de traballar no audiovisual, que teñen un espazo e que temos que ser capaces tamén de darlles espazo; ese espazo ten que ver coa interrelación coa empresa. Polo tanto teríamos que falar das axudas e de esas axudas como se outorgan, de que maneira se outorgan e como favorecemos, non unha posición autárquica senón unha posición favorecedora daquelas persoas que foron formadas no país.

E unha última cuestión. Eu creo que na Televisión de Galicia –que ti falabas- que hai magníficos profesionais, eu teño un excelente concepto de Suso Iglesias como profesional do audiovisual. Creo que é un magnífico profesional e non me cabe ningunha dúbida de que se houbo dificultades co tema do cumprimento do 5% pois hai unha vontade efectiva e real de superar ese momento entre outras cuestións porque o plan de potenciación da produción cinematográfica que eu falaba antes e que presentou o presidente Touriño no mes de xuño de 2008 leva consigo precisamente unha dotación extraordinaria para, seguramente, suplir eivas, eivas ou erros que tiñan cometido no pasado e é unha decisión enfocada precisamente a potenciar a industria do audiovisual. O que pasa é que creo que as cousas levan un tempo e polo tanto non me cabe ningunha dúbida que a Televisión de Galicia e o seu director están tamén comprometidos no cumprimento desde 5%




3ª Intervención (Pepe Coira): Eu quería facer dúas preguntas. O representante do Partido Popular explicou antes que eles defenderían que fosen dous terzos do Parlamento os que elixirían ao novo Director Xeral da Compañía. Gustaríame coñecer cal é a situación dos outros dous partidos. E a outra é unha pregunta un pouco máis abstracta. Ten que ver con que a min dáme a sensación que vivimos nun país no que nos complicamos un pouco a vida cando xa é complicada dabondo per se. Quero dicir, no mundo audiovisual normalmente toca conciliar dúas cousas distintas que son cultura e industria e ver como casan. Nós engadimos un terceiro elemento que é comunicación, e a min gustaríame saber -porque vin que o representante do Bloque eliminaba esta parte- . Deume a sensación que tanto o do PSOE como o do PP si o mantiñan. A min sorprendeume desta última lexislatura como se herdou un concepto de comunicación que viña establecido por Pérez Varela no momento que de Secretario Xeral de Comunicación pasou a Conselleiro de Cultura. Gustaríame saber cal é para vostedes -a marxe do que é a paisaxe televisiva- en que consiste o eido da comunicación.

José Manuel Lage Tuñas: Respecto da pregunta que fixeches con respecto as maiorías cualificadas ou non a hora da elección do Director Xeral da Compañía, dúas cuestións moi claras e moi sinxelas. Nós sempre fomos partidarios de que as reformas que se fagan nos medios públicos, exemplo -todos mellorables ou cambiables- RTVE. É dicir a reforma dos medios públicos no ámbito estatal abordouse na lexislatura 2004-2008 por primeira vez e buscando maiorías reforzadas, é dicir, que non sexa pola metade máis un do Parlamento, cunha maioría se lle impoña a outra que lle falta un, ben, favorables a unha maioría pero non a un bloqueo igual que RTVE. Eu creo que hai persoas que teñen participado e aportado e que están aquí ademais e podían contar a súa experiencia. Por que? Porque quero poñer un exemplo que non é fronte a ninguén xa digo, eu non veño a polemizar cos que están esquí; si é necesario si, pero en todo caso sen evitar o debate veño a aprender con vos. O Consello de Administración da Televisión de Galicia, da CRTVG renóvase cunha maioría determinada, xa hai unha maioría cualificada, por poñer ese exemplo, Consello, a reformar, a facer doutra maneira...en fin. Non foi posible cando unha persoa, membro desde Consello, faleceu (Lois Obelleiro, que en paz descanse) membro destacado do BNG que ocupaba unha cadeira no Consello de Administración da CRTVG, faleceu, houbo que facer como corresponde a súa substitución a través dunha votación no Parlamento de Galicia e como se precisaba unha maioría cualificada de 50, de 75 se non recordo mal, non foi posible. Non foi posible por un bloqueo. Polo tanto eu estou a favor das maiorías cualificadas pero sen que iso supoña que o que está na oposición poida bloquear a acción do goberno. RTVE adoptou un sistema desas características no cal si pasa un tempo e non hai acordo...ao final este país hai que gobernalo, hai que tomar decisións e unha canle, unha compañía de radio e televisión ten unha visión de comunicación, de produción e de levar ao país desde a normalización do idioma -que é un factor importante- a outros aspectos que teñen que ver coa difusión do noso ser, da nosa forma de ser, da nosa cultura, de aquilo que pasa no país, etc..



Dúas. Comunicación que preguntaches. Que se entendía pola comunicación. Nós falamos diso. A comunicación en si mesmo, ti referíche a unha etapa anterior bastante negra, nalgúns casos incluso había o das listas negras e todo iso pero...creo que cando falamos de comunicación en termos públicos, falamos de comunicación, non so da política. Falamos de comunicación en termos económicos, en termos sociais, culturais. Falamos de comunicación como unha canle de expresión e polo tanto cando falamos de medios públicos de que falamos? De que eses terminais estean abertos non so a esfera política, institucional senón que esas canles de comunicación sexan posibles para a transmisión de coñecementos, para a transmisión de información ou para o debate público, o debate político. Por exemplo, durante 16 anos non foi posible que houbera un programa (ben, houbo algún momento no que houbo algún) pero non foi posible que houbera un programa de debate das cousas que pasaban no país, por poñer un exemplo. Outro exemplo, cando vivimos unha situación dramática –tocara a quen lle tocara xestionala, sen botarlle a culpa a ninguén- vivimos unha situación como a do Prestige, do Mar Egeo...non foi posible que tiveramos un debate como hoxe cando collemos a Televisión de Galicia e temos un programa de debates. Que uns pensarán que teñen que ser as nove da noite e outros a unha da mañá...pero en todo caso, os cambios na comunicación tamén teñen que ver con iso. Como entender a comunicación? Darlle voz a cidadanía –que queda moi ben e moi rimbombante- e non se trata só de que aqueles que ocupamos unha posición política nun momento determinado tiñamos unha alcachofa para falar. Trátase tamén de que si ten que haber un programa de coñecemento, un programa cultural, un programa que difunda a música que fan os novos creadores, pois existe tamén esa posibilidade porque ao final os medios públicos de comunicación deben ser unha desas canles. E despois hai un segundo factor que é o factor que ten que ver coas novas formas de comunicación, coa rede e co papel que xogan os gobernos aquí en Galicia, tamén noutros sitios, nos planos locais, nos planos provinciais con respecto ao papel prensa que eu creo que iso é o que arrastramos, en fin, eu non vou a ser toda a tarde politicamente correcto, eu non vou dicir mada máis. É evidente que arrastramos algunhas inercias pero vos que sodes persoas que seguramente saibades máis ca min, sabedes que na comunicación cada dez impactos aproximadamente só dous, un cidadán recibe xa a través dos medios escritos que son importantes, tanto as empresas como os profesionais que traballan nelas. En todo caso as veces dámoslle unha relevancia excesiva ao papel prensa; teñen importante papel a hora de crear opinión, a hora de informar aos cidadáns e o que temos é que ser capaces de establecer un sistema que sexa máis propio doutras políticas que facemos noutros ámbitos. Vounos dicir así porque creo que todos nós entendemos. As canles públicas ao final teñen que servir para que sexan canles o máis abertas posibles e onde haxa voz para aqueles que non estean de acordo coas políticas que fai o goberno. Ese é o cambio substancial co respecto a outras políticas, é dicir, cando eu governe o que está fronte a min ten que ter a oportunidade de criticarme e de dicir aquilo que pensa aínda ca min me moleste. Creo que esa é unha cultura democrática avanzada e iso é cara ao que temos ir, é dicir, que os aparellos de comunicación públicos non deben estar na esfera governamental exclusivamente porque aquel que diga que o goberno non ten que estar na esfera dos medios públicos pos eu creo que tamén falta un pouco a



verdade porque o goberno cando é goberno ten unha serie de resortes que por regra xeral as canles públicas tamén as ten que utilizar para comunicar o que fai. Eu creo que o cambio substancial non é que o goberno teña posición nos medios de comunicación, a canle substancial é que aparte do goberno outra xente teña a posibilidade de acceder aos medios de comunicación públicos. Esa é a posición que me gustaría expresar.

Mayte Cabezas Amigo: Intentemos ser breves, máis breves

Diego Calvo Pouso: A reforma do Consello de Administración. Nós xa dixemos o que opinábamos ademais o dixen antes, o dicimos agora e o manteremos despois. Claro, non é que hai unha vacante que se produce, desgraciadamente ademais neste caso, e non se renova porque o PP bloqueaa. Amigo, é que cando fan falta maiorías –aquí non estamos para polemizar como di Lage- pero cando fan falta maiorías deste goberno e cando non se chega a un acordo porque hai un bloqueo, pero cando fai falla unha maioría, era do PP, e non se chega a un goberno era porque a decisión non era democrática, non. Aquí imos a utilizar a mesma vara de medir, e nós comprometémonos a que o nomeamento do director xeral sexa por dous tercios, claro. Iso que significa na práctica? Pois na práctica significa que o Sr. Benigno Sánchez non vai poder ser director da CRTVG si se mantivera esta postura. Por que? Porque o PP salvo que o resultado electoral sexa outro, si é necesaria a contribución do Partido Popular non vamos apoiar que Benigno Sánchez sexa director. Isto supón que hai que cambiar ó candidato e esa é a razón pola cal non se meteu nesta lexislatura esa reforma. Hai que lembrar que o BNG, é o digo sen polemizar.


José Manuel Lage Tuñas: Pero porque non permitíchedes que o Bloque puidera substituír a Lois Obelleiro...

Diego Calvo Pouso: Perdón Lage.

José Manuel Lage Tuñas: Non, pero explica porque bloqueachedes a....

Mayte Cabezas Amigo: Deixemos que termine a súa argumentación e logo

Diego Calvo Pouso: Hai que recordar que durante esta lexislatura o BNG nun momento determinado no que non saia nos medios de comunicación públicos (que dicía Lage) e o Sr. Quintana e o Sr. Losada enfadáronse e acabaron como acabaron. Pois nun momento determinado para premer, o BNG mete no rexistro do Parlamento unha proposición de lei para reformar a CRTVG cunha salvidade, cun único punto, que o director da CRTVG sexa nomeado por maioría cualificada; despois da correspondente coacción que exerceu, retiran esa proposición de lei sen debater. Estábamos na campaña das municipais. Claro, esta é a realidade. Hai que dicir cales son as posturas de antemán e despois apandar con elas para o bo e para o malo.




E a comunicación, pois claro. Eu considero que hai que facer unha lei de publicidade e comunicación institucional e hai que ser valentes. E o digo agora tamén estando na oposición sabendo que quizais sexamos o que máis teñamos que perder ou dicir isto. Non se pode seguir coa mesma política de subvención aos medios de comunicación. Hai que cambiala, hai que cambiala, é así de claro. Hai que cambiala, hai que poñer un soporte legal e hai que introducir a transparencia. Hai que facelo. Aquí todos temos moito que rascar, seguro, e os que gobernamos dezaseis anos seguro que máis que os de catro. Efectivamente, faltaría máis, despois poderíamos entrar noutro tipo de debates pero hai que facelo e dende logo eu creo que o que se lle podería pedir a un partido cando se presenta loxicamente é que teña unha disposición a hora de afrontarse a determinados tipos de problemas ou como dicía nunha intervención anterior, claro que a Lei do Audiovisual fíxose no ano 88 e non se chegou a desenvolver de todo. Efectivamente. Pero creo que xa se demostrou que pódese facer unha Lei do Audiovisual a iniciativa seguramente –naquela non estaba metido, pero o puido asegurar- seguro que a iniciativa do propio sector. Fíxose, ben. Pois agora estou seguro que tamén se pode volver a facer e ao mellor haberá que intentar que non pasen tantos anos sen desenvolver dita Lei. E que ese Rexistro que publicara no ano 2003 que me parece de empresas do audiovisual, que ao final non tivo esa competencia ou que non se levou a cabo, que non se desenvolveu, que non se fixo o que se tiña que facer, que se desenvolvea. Dende logo creo que os compromisos son os que hai que asumir agora e claramente despois, pois dentro duns anos, dentro duns meses, gobernen os que gobernen, haberá que volver a vir e dar contas do que se dixo e do que se fai. Iso é do que se trata finalmente.

Mayte Cabezas Amigo: Temos varias mans por aí pedindo o micro...

Xosé Ramón Paz Antón: Brevemente. Nós creemos que respecto aos medios de comunicación debe existir unha política de acordos cos medios para a visualización do audiovisual cara a propia cidadanía galega e creemos que hai que facer un esforzo moito maior para que a CRTVG sexa o motor da produción audiovisual do país. Iso é o que pensamos. E respecto, creo que preguntabas que pensábamos nós da maioría cualificada, efectivamente nós pensamos que este era un tema que se tiña que ter resolto antes e efectivamente creemos que hai que desenvolver con rapidez esa Lei. O que si non podo deixar de dicir –aínda que hoxe non anima este debate o enfrontamento- pero si penso que hai que censurar publicamente que o Partido Popular utilizase a morte dun compañeiro noso, do BNG que formaba parte dese Consello e que non permitise automaticamente -como pasou sempre na política galega-, que non permitise automaticamente que esa persoa que faleceu fora substituída por outra. Iso Diego, perdoa que cho diga a ti e a ao Partido Popular, iso é impresentable en democracia.

Diego Calvo Pouso: Podo contestar?




Mayte Cabezas Amigo: Brevisamente porque senón estancámonos neste punto no que durante moitos meses xa se demostrou que non hai posibilidade de acordo e sería bo abordar outros asuntos...

Diego Calvo Pouso: Non se utilizou a morte de ningunha persoa nin moito menos. O que pasa que cando hai determinados consensos – ti dicías agora, cando se facía así- ben, cando hai determinados consensos e se rachan por parte dalgún non pode estrañar que se rachen outros consensos que tamén existían de sempre. E iso é algo que o bipartito actual non chegades a entender. Criades que o feito de ter a maioría autorizábovos a establecer os novos consensos; con eses novos consensos nós utilizamos os nosos dereitos que é non votar, de feito nunca votamos en contra de ninguén pero non votamos, verdade?. Polo tanto, xa que estamos aquí en “petit comité” como dicían antes, onde as dan as toman. Amigo mío, onde as dan, as toman e polo tanto, ollo.

Xosé Ramón Paz Antón: Si pero unha cousa é rachar consensos, establecer consensos ou rachalos, e outra cousa é que falece unha persoa e que un partido político utilice iso para bloquear, iso é unha cuestión distinta...

Mayte Cabezas Amigo: Pediríavos que non nos estancásemos nesta cuestión...Creo que está aclarada a postura de cada quen. Se me desculpades imos avanzar cara outros temas.

4º Intervención (Enrique Nicanor): Calquera neste negocio que non saiba contar en cinco minutos a película non é do negocio. Esa é a lei número un deste negocio. Eu vou tratar de facer en cinco minutos o que podo facer da miña parte por axudar con algúns conceptos que están aquí e dos que vou aproveitar dunha cousa inevitable, terrible para min que é que teño uns poucos anos máis sobre vós. É recordar que ter sentido histórico tamén. Tamén falando de cuestións de Europa palabra que poño por diante como protagonista de toda a operación. Hai que lembrar que no ano 98 foi TVG quen deixou plantada a organización europea de televisións que ía ter aquí no 2000 a reunión internacional de todos os países do mundo e non se presentou no último momento. Eu colaborei. Eu son independente, toda a vida. Colaborei con Fraga Iribarne concretamente, moitos anos. Colaborei co PSOE, colaborei tamén coa xente intelixente que quere facer propostas tamén dende o BNG e agora colaboro dentro duns eidos que eles teñen que é o Festival de Cine de Ourense. Importante tema. É fantástico o que ocorre aquí. Eu estou aquí de volta, escapando, escapando do desastre –visto desde o punto de vista europeo e internacional- do desastre español que acontece en Madrid, Andalucía, Valencia e incluída Cataluña. Hai que ter neste negocio que é un negocio novo, de múltiples miradas. Temos que mirar o noso, o próximo, o cercano que moitas veces a TVG fai mellor que outras televisións. O próximo, esa televisión de proximidade. Pero hai tamén que saber mirar desde fóra. Eu teño unha pregunta, sempre a importante. É un fracaso total o que pasou coa televisión pública e privada en España, sabido desde fai 25 anos por todo o mundo. Os responsables de lingua europea de radiodifusión téñeno dito. O que neste país non haxa organismos reguladores é




unha postura de forza absurda que está feita en creio cunha equivocada política tamén do que nos últimos anos aconteceu. Primeiro con un partido e despois con outro. Ter a mirada alta. O que estar a pasar en Galicia e moi importante desde fai tres anos, moi importante, por iso eu vin aquí. E o que estades a contar é o meso. Pero o que aconteceu nos últimos anos si é diferente. O que aconteceu este último ano para min é o indicativo de progreso e creatividade. De que? Desta parte de aquí. Eo digo claramente porque tamén estiven nese lado da administración, non da política. É responsabilidade política de alta mira. Hai que ter asesores, e digo non autárquicos. Non se pode facer o ridículo que fixo Televisión Española cun comité de sabios (non digo as persoas, de gran valía) feito soamente por xente de aquí. Asesores, este é un negocio de leis, un negocio de dereito comparado, de alto nivel é moi complicado. Hai que ter asesores de Francia, Inglaterra, Alemaña e non miremos –eu non o digo porque sexan mal- senón porque están no mesmo que nós. Miremos máis alá. Teñamos asesores de Francia, de Alemaña, de Inglaterra, dos Estados Unidos xunto cos nosos. Traballemos conxuntamente. Tédelos que ter vos. Ese é desde o meu punto de vista a única cousa que a diferenza de Galicia con todo o que xa aconteceu antes noutras autonomías. Que non sexamos clientes das outras autonomías que veñen a vender aquí os formatos e coproduzcamos con Estados Unidos, con Europa e con América Latina. A pregunta é esa. Tedes eses asesores? Que asesores tedes que de verdade poidan ser xente –e o digo de verdade- que non sexan so do eido nacional?. O 50% mulleres e o outro 50% verdadeiros asesores, doutores en dereito audiovisual que aquí aínda non temos nin sequer a carreira.

Gracias e darvos moito ánimo aos tres pero que levantedes o ánimo desde os tres partidos porque ides ter que colaborar neste tema que non é soamente estratéxico porque o diga un papel. Grazas.

Xosé Ramón Paz Antón: Eu, con brevidade, simplemente creio que fixeches unha intervención xenial e o que hai é que tomarte a palabra e seguir as túas indicacións.


Diego Calvo Pouso: Estando de acordo, co que dicías se temos asesores, ben, eu coñezo algún non sei se é dos que ten subministrado, é dicir, para formar un programa electoral...non sei como funcionan os outros partidos. Eu sei que si chegaron papeis de persoas non vencelladas co partido, quero dicir que se lle pide opinión a profesionais que nós consideramos que teñen algo que dicir no ámbito. Igual poden coincidir con todos vostedes, ou algún ou non, ou con ningún. Que se chegan esas aportacións e tendo en conta esas aportacións faise un pouco unha suma de todas elas, hai algunha que se desbota e outra que se incorpora ao programa.

José Manuel Lage Tuñas: Eu creio que como tódalas intervencións que se fixeron sempre é moi interesante escoltar a Enrique Nicanor... Enrique, como sempre fas algunha aportación ou algunha reflexión. Eu digo o que temos, sen caer en papanatismo, todo o mundo ten cousas que dicir e acerta non sempre, en todo caso



temos que aprender e polo tanto cando falas temos que ser capaces de escoitar e de recoller aquilo que é trasladable. Poñer en valor o próximo, na televisión de proximidade, nos documentais, nos programas, nas mini series, nas producións, por certo, na animación, en produtos novos, na utilización do teléfono, o móbil, etc., etc., nas novas ferramentas e tamén nas novas oportunidades. Non so temos que mirarnos pa dentro senón que temos que ser capaces (iso é o que me parece máis importante de todo o que tes dito) de ver noutros sitios. Noutros sitios, é dicir, que tiñamos unha mirada ampla e que sendo galegos, sentíndonos galegos e entendendo que temos moito que aportar desde a nosa visión de país. Non lle poñamos barreiras ao campo, o que dicía antes, non lle poñamos fronteiras. Sexamos capaces de exportar aquilo que somos capaces de crear. Dito doutro xeito, que non nos trasladan todo, que non no lo dean feito, que non teñamos que consumir todos os produtos que veñan de fóra. Ben é certo Enrique que despois chocamos tamén cunha realidade que ten que ver con ter a capacidade de posicionamento nos mercados nacionais e internacionais e iso é unha dificultade complexa sobre todo porque é David contra Goliat as veces, e as veces pois te colas, pero non é fácil.

5º Intervención (Paco Lodeiro): Como diciades ao principio que tiñades intención de escoitar eu veño máis a dicir que a preguntar. Eu como dicían tamén por aí antes, no negocio hai varias caras e varios enfrontamentos. Eu estou, digamos, no lado tabernario da profesión que é o tema da televisión. Eu quería dicir que a Televisión de Galicia é a principal fiesta que temos para desenvolver e para exhibir todos os produtos audiovisuais e que as veces cando un fai política parece que é mellor facer política máis cinematográfica de creación que de política desenvolta de cara a televisión. Entón, agora temos dúas canles. Hoxe non se falou aquí nada de que hai unha canle nova dende fai uns días, máis ben eu entendín que non había, nunha intervención. Pois iso, que ven de estrearse e temos aí unha posibilidade para ter máis exhibición dos nosos produtos. Sei por oídas do cine que hai moitas producións que se subvencionan e logo non se poden exhibir por esas maldades do propio sistema o que significa un pouco o que dicía Enrique, que podemos aquí desenvolver unha idea xenial para dar un investimento económico para potenciar o audiovisual e logo que non se poida exhibir. Entón insisto en valorar a Televisión de Galicia, tanto a unha coma a dúas, como un formato bárbaro para exhibir. Neste fío dicir que tamén estaría ben que si un acada unha subvención ou unha axuda para facer un produto, logo pódase ver algunha vez na tele. Quero dicir que estaba ben que esas cousas, sexa de quen sexa o partido ou sexa de quen sexa o negociado. Aquí todos estamos de acordo en que hai que ter un único criterio o que amola é de determinar cal, si é Comunicación ou si é Cultura. Pois haberá que ter diferentes camiños para chegar a conseguir os produtos pero que logo pódanse exhibir, iso parece obvio. E logo tamén seguindo no da tele que é o meu, fálase moito do apagón dixital, máis ben do apagón analóxico. Temos claro a data o que non temos claro aquí en Galicia é cando é o acendemento dixital. É dicir, cando vanse a acender?, cando vai haber esas televisións dixitais? e si a durabilidade das prórrogas é eterna ou hai algún tipo de posibilidade?; que se alguén ten algunha concesión non a abre, pode abri-la en algún momento?, hai que agardar?. Que opinades disto, de que haxa unha subvención para emisoras a través dunha canle




pública como é a emisión do sinal e que iso parece que non ten posibilidades de empuxarse. Esa é a pregunta.

José Manuel Lage Tuñas: Por non fuxir do que pregunta Paco. Primeiro, é certo que eu non entrei a facer a aclaración de que a canle xa estaba en marcha. É unha noticia pública. Aparte diso estase a traballar para contar cun múltiplex, cun segundo múltiplex e polo tanto que poidamos dispoñer non so desas canles públicas aparte desas dúas concesións feitas polo goberno en funcións anterior, asignado a dúas empresas de comunicación senón que co novo múltiplex poidamos abrir novas fiestras desta esfera pública e polo tanto que desde os medios públicos de comunicación galegos, CRTVG, puidéramos contar cun múltiplex para o conxunto da Compañía e polo tanto teríamos catro fiestras. Co tema do despregue da TDT. Si hai data –supoño que tamén había unha ironía no que dicía Paco Lodeiro- pero creo que hai unha data, por zonas, por demarcacións. Hai algunhas dificultades é certo. Eu vivo e Noia e hai ó arredor dun 80% estimado de cobertura hoxe da TDT e desde o 3 de decembro hai noutras zonas no que é máis complexo e polo tanto creo que hai algún retraso. Podo dicir que hai un compromiso de que ese apagón leve consigo un acendemento –como dicías ti- da TDT.

Creo que a segunda canle da que se ten falado moitísimo é unha oportunidade tamén para eses produtos que moitas veces, por aquilo que se da chamado oportunidade de mercado, cota, etc...nunca entran porque a audiencia se estima que no é suficiente e polo tanto ese é outro debate, se as canles públicas teñen que competir coas canles comerciais, pero claro si abrimos iso, como se financiará entón a través de contratos programa ou non. Sería outro debate. Hai unhas concesións feitas. Eu intuín nas túas verbas, sen evitar o debate que esas concesións, non hai que intuíla, teñen unha data de posta en marcha e polo tanto non hai ningunha noticia oficial (oficiosas pode haber moitas) pero oficial de que iso non vaia ser así. Eu o que espero é que cando remate o tempo que hai para que no 2010 se poña en marcha poidamos contar con novos operadores no que supón de máis información é dicir, que haxa dúas canles máis de xestión privada que están concedidas. Tería que ser unha oportunidade para que os produtos galegos tiveran unha cota un pouco máis ampla, ábrense dúas fiestras máis e puidera encaixarse. Non hai noticias en sentido diferente polo tanto eu creo que os temas que ti dixeches: a segunda canle, o despregue da TDT, o múltiplex que non o comentaches pero esperamos ter un múltiplex enteiro para os medios públicos. Eu si creo que a TVG é a principal fiestra, home de feito hai algúns indicadores, o principal o informativo (e como di o outro, por non falar do teu programa ou doutro...); por falar dos informativos, estamos a falar de audiencias por riba do 30% cousa que non está nada mal se temos en conta que as cadeas xeneralistas aumentaron nos últimos catro anos froito da apertura de novas canles de orden estatal que poden restar pouco ou moito pero que están aí.


Diego Calvo Pouso: Fun o que falei na segunda canle nese sentido e a verdade é que a segunda canle levamos algunhas iniciativas ao Parlamento nos últimos meses sobre os contidos que nós creemos que debería de ter, e a verdade é que a día de



hoxe segue tendo bastantes dúbidas –desde o punto de vista do Partido Popular- sobre todo no que se refire ao contido tal é como está concibida ou que se pretende facer porque para nós non está nada claro. Nese sentido, desde logo que se abre un oco, estou de acordo con Lage con que se abren moitas máis posibilidades sobre todo a partir do ano 2010 pero ollo, pero nesa televisión a carta que é a televisión dixital onde cada una poderá escoller o que queira, eu dixen na miña intervención inicial que iso do 2010, eu escoito e escoita moita xente que o empeza a poñer en dúbida. Por que? Porqué están dicindo, a maior parte das inversións que teñen que facer as empresas non están feitas e polo tanto pode ser que enchamos a boca dicindo que no ano 2010 é o apagón analóxico pero pode ser que non sexa verdade. Entón imos sentarnos coa xente que sabe, coas empresas que están involucradas é dicir, ben, estamos a falar dunha televisión a carta onde cada un vai poder ver o que lle pete ou o que lle guste; loxicamente aí ten cabida todo tipo de programación e desde logo esas producións ou calquera tipo de programa que se faga incluso cunha axuda. Non ten moito sentido que si a axuda é para facer algo e despois non valga pa nada, métase nun caixón, entón totalmente de acordo. Agora hai que sentarse e falar diso.

Con respecto as licenzas e a esas canles que aínda non se puxeron en marcha eu creo que o politicamente correcto é o que dixo Lage e é verdade, eu o comparto. Hai uns prazos e imos agardar a que venzan eses prazos, se non vencen, a min particularmente daríame a sensación de que entón a adxudicación non foi a adecuada. Habería que preguntar si é que non estaban listos para levar a cabo o apagón ou si hai outro tipo de problemas porque neses rumores que dicía Lage, eu escoitei tamén que hai outro tipo de problemas é que non estarían relacionados coa capacidade das empresas para poñela en marcha. Ben, pois haberá que facelo. Hai unha Lei e uns prazos e teñen que cumprirse e cando non se cumpran será cando haberá que ter un posicionamento.


6ª Intervención (Xavier Campos): Unha pregunta moi concretiña. Das intervencións dos tres representantes, dos trespartidos, si algo quedou claro é a coincidencia na necesidade dun organismo único, niso estaban os tres de acordo. O que xa non quedou tan claro era cal era a proposta concreta de cada partido a hora de definir cal ten que ser ese organismo único e en que nivel ou directamente de que consellería ten que depender. E digo isto porque a min si que me quedou clara unha proposta que á a de Paz Antón por unha cuestión. El explicou que a proposta do BNG é que ese organismo sexa AGADIC e é lóxico e coherente coa labor da Consellería de Cultura nestes anos por canto foi desde a Consellería de Cultura desde que se impulsou a creación da Axencia Galega de Industrias Culturais seguindo en parte, e non copiando mimeticamente pero si a partir, en parte, do que é o modelo catalán do que antes se falaba, o ICIC de Cataluña. Quen o puxo en marcha foi o PSC na época de Maragall, Ferrán Mascaré e Xavier Mercé e tamén dalgunha maneira foi impulsada directamente por unhas persoas que están aquí, Manolo González, un dos ideólogos un pouco, da necesidade de crear AGADIC e desde logo o principal impulsor de todo o traballo que fixo a Axencia Audiovisual Galega. Esa AGADIC da que se aprobou a Lei este ano, ten e formula no seu Consello de Administración que figuren a Consellería de Cultura, a Consellería de



Innovación e Industria e o propio IGAPE e polo tanto un organismo pensado desde esa perspectiva coordinadora, integradora; e ten aínda o estatuto por definir. A min gustaría saber, tendo en conta que foi unha Lei aprobada polo goberno bipartito e polo tanto aínda que José Manuel Lage (tamén gustaría escoitar a súa opinión) pero entendo que é que debería entender por coherencia co votado no Parlamento que AGADIC sería ese organismo coordinador. Gustaríame saber a opinión dos tres partidos con claridade e concreción. Grazas.

Diego Calvo Pouso: Eu creo que xa falei antes de que Cultura e Comunicación e as Industrias Creativas tiñan que xuntarse e conseguir a través do Cluster que os contidos e a tecnoloxía houbera unha unión que ata agora non houbo e aí están as oportunidades de futuro do sector. E para min todo isto ten que coordinarse desde Presidencia. Presidencia desde o nos punto de vista é a consellería –nese formato máis transversal que calquera das outras. Efectivamente hai contidos que pódense defender desde o punto de vista cultural e hai contidos que pódense defender desde o punto de vista industrial. Como non ten moito sentido, desde o noso punto de vista, metelo nunha das consellerías. Para nós Presidencia é a que agrupa, a que ten maior transversalidade de todas e é onde debería estar Comunicación e dentro de Comunicación esta política.

José Manuel Lage Tuñas: É certo que o proxecto de Lei é dun goberno. Eu digo sempre, cando falo do goberno falo dun goberno non das consellerías nosas e as dos outros, falo sempre dun goberno, hai algúns que temos esa manía. Creo que as referencias que fixeches ó AGADIC é un proxecto impulsado desde o goberno aprobado no Parlamento. Se non nos parece un modelo axeitado non o teríamos apoiado. Creo que o fácil é dicir ten que depender da consellería A ou da consellería B. Eu o que digo é que tendo en conta o escenario político que temos en Galicia, a tres, é dicir, o sistema político galego de tres forzas consolidadas no arco parlamentario no que non se presumen maiorías o fácil é que un diga isto vai a ser así. Para min o máis claro é que debe haber un organismo, debe de haber una coordinación única, que a dependencia, a min pódeme parecer unha boa medida o exemplo que puxeches catalán ou o tema da Consellería de Cultura pero non fixen fincapé niso porque creo que ao final o fundamental é que os diferentes actores que hai dentro do conxunto do sector, os diferentes axentes, teñan unha interlocución única. Non me parece mal modelo que poida ser a través da consellería correspondente, a través de AGADIC. Eu non quero facer loas públicas pero nalgunhas das afirmacións que dixeches sempre nos vamos atopar cómodos e ademais coincidindo. Eu creo que a labor dunha persoa que está aquí, como é Manolo González, pois é unha labor que é dificilmente cuestionable. Creo que é das persoas que máis ten contribuído ó sector e ao mundo audiovisual e polo tanto eu tamén quero que nese caso, a pesar de que formou parte dunha consellería que tiña outra cor política, pois dicir que sentímonos cómodos ca súa labor e co seu traballo. Dígo como organización, despois pode haber persoas que poidan discrepar ou que non coincidan plenamente. Cando un ten unha traxectoria que non ten nada que ver cun goberno bipartito senón que ten que ver cunha traxectoria longa e extensa como a que vos coñecedes de Manolo pois un séntese cómodo con



ese traballo como moitos outros. Tampouco me quero exceder porque a persoa en cuestión seguramente tampouco lle parecerá o máis adecuado que me poña a falar agora mesmo del. Eu o teño como un amigo.

Polo tanto AGADIC paréceme un bo produto, votámolo, o goberno impulsouno. Creo que houbo algunhas dificultades que teñen que ser subsanables na seguinte etapa do goberno. Non vou a dicir, isto ten que colgar da consellería X porque iso é poñer o carro diante dos bois. Haberá unha negociación do goberno e haberá que facer as cousas mellor do que se fixo. Creo que o modelo catalán é o modelo a través de Cultura é válido igual que poden ser válidos outros modelos pero creo que non se trata tanto de que nos encorsetemos, que teña que ser a consellería X ou que a leve Fulano ou Mengano como que a metodoloxía sexa diferente. E aínda que non se eliminen tódolos organismos, tódolos institutos, si que se simplifique e que poida haber unha coordinación entre os entes creados porque as veces substituír ou suprimir organismos como ben víchedes nestes catro anos non é tan fácil porque supoño que todo o mundo ten a tentación de ter un amigo que sempre pode facer moi ben o papel de coordinar non sei que centro o incluso crear outros. Aí están os que se teñen creado que seguramente eran necesarios e polo tanto fixédevos no traballo que custou suprimir fundacións comarcais das cales falamos tantos anos que había que suprimir. Sendo realistas e sen que sexamos políticos ao uso hai que suprimilo ou facelo. Digo, fundamental a interlocución, a coordinación. Que levemos un camiño, unha dirección única e se somos capaces de simplificar a estrutura e os organismos, mellor. E se somos capaces de ir a ese mundo ideal de que haxa unha consellería da que depende AGADIC e polo tanto que de aí ramifique todo, é dicir, cara abaixo, pois mellor pero en todo caso a posición do Partido Socialista non é pechada, é unha posición tendente a buscar o diálogo e o encontro pois co outro grupo co que seguramente conformaremos goberno se todo vai ben porque a estas alturas o que non podemos fuxir é dunha realidade sociopolítica e polo tanto socialistas e nacionalistas en Galicia -aínda que os socialistas aspiramos a poder desenvolver o proxecto de forma autónoma-, pois creo que estamos condenados a entendernos e a mellorar tamén aquelas cousas que fixemos mal.


7ª Intervención (Dolores Ben): Cheguei un pouquiño tarde e non sei se se chegou a falar da Cidade da Imaxe.....faláchedes algo diso?

José Manuel Lage Tuñas: Non.

Mayte Cabezas Amigo: Da Cidade da Imaxe non se falou nada, non saíu.

José Manuel Lage Tuñas: Eu tiña unha das propostas que non comentara que era o tema do solo industrial para o sector audiovisual.

Dolores Ben: (intervención na que apenas se escoita)....e falabades de infraestruturas actuais para cos tempos que veñen. Galicia é a única autonomía de España que non ten.....audiovisual e somos a terceira autonomía en canto a produción. Ese tema non é para esquecer. Estou de acordo coas leis,.....Creo que o



levamos anos dicindo. Non sei cales nin que tamaño pero si unha produtora está nun local alugado ten dereito a ter un sitio cun prezo asumible que poida estar ao lado doutra produtora.

José Manuel Lage Tuñas: Dolores, é certo que eu non profundei nese tema. Tiñámolo na proposta que teño aquí e non so non entramos no que antes se denominaba Cidade da Imaxe, si o que era o apoio, á dotación de solo industrial que era unha das dificultades que nos tendes manifestado desde o sector empresarial, pero non so a necesidade de solo. Eu antes -non sei se estabas- fixen fincapé máis no apoio as axudas a innovación tecnolóxica, é dicir, todo o que ten que ver cos equipamentos. É certo, que non chegamos ao nivel de detalle de compartir espazos, ese tipo de necesidades que -por certo- eu creo que non é sempre o Estado, a administración, a Xunta (e a Comunidade Autónoma é Estado, somos Estado) e polo tanto non se pode dar todo. Dito doutro xeito, temos que ser capaces tamén que os sectores, sexan os que sexan nos diferentes planos; é dicir, se falamos do mexillón, os bateleiros; se falamos de produción cinematográfica, do sector audiovisual. Que sexa capaz de poñer enriba da mesa propostas concertadas. Que o de compartir non vai ser que desde a Xunta, desde o goberno, sexa quen ten que ser sempre o que fabrique os espazos. Eu creo que ten que haber un espazo de concertación no cal coincida e se concilien as vosas propostas coas publicadas que ten un goberno de dar oportunidades. Creo que hai que potenciar a dotación do solo industrial ou o acceso a ese solo industrial e por outro lado potenciar o que ten que ver coa tecnoloxía. Que as empresas poidan acceder a innovación tecnolóxica con algún tipo de axuda. As veces creo que é máis importante axudar a innovación tecnolóxica que a outro tipo de axudas que se repiten permanentemente todos os anos e que digamos son coma unha porta de atrás para seguir axudando porque ao mellor ninguén pensou noutra maneira, entón creo que temos que ir mirando máis cara adiante en tecnoloxía e tamén en chan industrial.


Mayte Cabezas Amigo: Creo que dificilmente haberá nisto desacordo...

Diego Calvo Pouso: Eu estou en desacordo con Lage. Efectivamente non tocamos o tema da Cidade da Imaxe. Eu creo que é fundamental. Non estou de acordo con Lage porque entendo das súas palabras que parece que é necesario que as empresas se poñan de acordo. Eu non creo que sexa iso o paso que ten que dar unha administración responsable cun sector que estamos falando que é estratéxico.

José Manuel Lage Tuñas: So unha cousa, para compartir servizos. É dicir que as veces para compartir determinadas cuestións non é so de que os gobernos fabriquen todo, creo que é necesario dar un espazo de concertación entre o propio sector.


Diego Calvo Pouso: Aí estamos de acordo pero eu...

....e o ten a xente bastante claro, e as empresas. Mira que somos todas distintas pero a necesidade manifestouse continuamente.



Diego Calvo Pouso: Efectivamente, e hai un proxecto que estaba arredor de San Marcos, nas propias instalacións da TVG cos problemas que ten de ampliación tamén para a CRTVG e cos problemas do Camiño de Santiago que pasa polo lado e todo ese tipo de problemas. Pero se non é aí, terá que ser noutro lado. Nos falamos, efectivamente cando gobernamos dese proxecto, quedou no tinteiro pero é necesario. Igual que hai outros parques industriais especializados a día de hoxe en Galicia porque hai determinadas empresas que utilizan uns servizos moi específicos e incluso pódense dotar de infraestruturas comúns que as propias empresas poden alugar para ser máis competitivas en vez de que cada empresa teña as súas propias infraestruturas; pois no tema do audiovisual é necesario impulsar ese polígono. Eu non sei, se en San Marcos a súa situación ao carón da CRTVG, ou hai que cambialo de sitio. Eu non sei. No polígono da Xionlla que parece ser que agora por fin se empeza a mover a terra e vai saír adiante; igual hai que reservar a metade do polígono, ou un terzo, ou un cuarto, dáme igual a cantidade necesaria porque tampouco necesítase un polígono específico, simplemente que teña suficiente capacidade para aglutinar todas as diferentes empresas que a día de hoxe estades espalladas e que teña un servizo para que ao final, eu creo, que o que ten que facer o goberno é dar os servizos necesarios para que as empresas teñan máis competitividade e que sexan competitivas fronte ao resto de empresas que non sexan galegas.


Xosé Ramón Paz Antón: Eu quería dicir que efectivamente o Partido Popular quería unha cidade do motor, unha cidade da cultura, do audiovisual, etc., ou sexa propoñía cousas que non se concretaron e a realidade cal foi? A realidade foi que nesta lexislatura houbo que estar facendo continuamente, referido ao solo industrial e aos polígonos industriais, legalización de polígonos que estaban en situación ilegal, nalgúns casos desde había 10, 15 ou 20 anos. Censa no Porriño é unha empresa dos anos 60, estaba nun polígono alegal ou ilegal; o polígono de Vincios en Gondomar en situación ilegal; no Porriño había un polígono de cinco centos mil metros cadrados en situación ilegal... e xa non imos tanto ao detalle deste proxecto de solo empresarial. Neste país era unha auténtica vergonza, o que pasaba. As empresas, sobre todo en certos enclaves, por exemplo na zona de Vigo, marchaban porque non había onde instalarse e ao mesmo tempo había polígonos industriais inaugurados dende había moitos anos, por poñer un exemplo concreto, Pazos de Borbén, onde non hai empresa instaladas. É dicir, ese desaxuste, esa falta de organización do solo empresarial, ese malgasto de enerxías en facer alí onde non se debe facer, e non atender as demandas... claro, efectivamente podíanse ter utilizados estes anos en ir cara a cousas moito máis interesantes como esta que ti formulas. O que houbo que estar facendo, prioritariamente penso eu, foi estar planificando a cantidade de millóns de metros cadrados que fan falta en determinadas áreas do país. Iso é prioritario penso eu. Efectivamente nese camiño, superando esa manía que tiña o Partido Popular de crear unha serie de cidades virtuais por todo o país, pois efectivamente, crear ese polígono sectorial con servizos comúns, unha marca referencial, efectivamente, estamos de acordo.



8ª Intervención (Héctor Carré): Quería dicirvos unha reflexión porque eu teño certa preocupación porque penso que o audiovisual ten un compromiso moi forte coa realidade social que retrata e sen embargo a tendencia que eu vexo ao pasar os anos é a, digamos, a facer unha identificación da cultura galega coa lingua galega ignorando ó castelán e en certo modo impedindo que os produtos audiovisuais galegos retraten a realidade social galega porque a xente na rúa fala galego pero tamén fala castelán e as veces penso que temos un certo idealismo ou un certo romanticismo -en termos máis antigos quizás- tratando de retratar a sociedade como nos gustaría que fora en vez de retratando a sociedade como é e iso creo que nos limita como artistas, como industriais e imposibilita en certo modo a comercialización tanto no noso país como fóra del dos nosos produtos porque..A xente vai a unha festa e baila cantigas da terra e na realidade a xente vai a unha festa na aldea e canta as cancións que toca a orquestra que non son as cantigas da terra. Quería saber se pensades que existe cultura galega máis alá do galego. Quería saber se creedes que estou tolo ou que tamén...se vedes.. eu entendo que hai un público cautivo, un voto a patria galega que todos levamos dentro, todos o sentimos; é moi difícil falar de forma politicamente incorrecta como estou falando eu. Pero quería saber que pensades nos vossos partidos da cultura galega en xeral, non so da cultura galega falada en galego.

Mayte Cabezas Amigo: Rógovos aos tres moita brevidade porque estamos fóra de tempo e hai algunha pregunta pendente aínda por aí.

José Manuel Lage Tuñas: Primeiro non creo que sexa unha cuestión de estar tolo, nin moito menos, cada un ten a súa propia opinión e ti expresaches a túa. A cultura galega vai máis alá dunha lingua pero desde logo a cultura galega non se pode entender sen recoñecer que a lingua galega diferéncianos como pobo, forma parte do noso ser e polo tanto o que non podemos é negarnos a nós mesmos. Nós somos un país cunha lingua diferenciada, cunha cultura diferenciada. Nós non somos nin máis nin menos que Murcia, a Rioxa, Castela e León, Euskadi ou Cataluña ou Andalucía pero formamos parte dunha realidade que vai máis alá do noso país e polo tanto estamos nun estado que é España e formamos parte da Unión Europea...estamos nun contexto globalizado. Creo que non temos que negarnos a nós mesmos. Igual que ti dis que cando se vai a unha festa pois non so hai baile popular galego, non so o hai, pero tamén o hai. Non podemos negarnos a nosa realidade pero temos que estar abertos ao mundo. Polo tanto desde a nosa posición política -falo desde a miña visión- a lingua non ten que ser un problema nin un impedimento. A lingua non debe ser nunca un impedimento. As linguas deben servir para que nos comuniquemos, unha ferramenta para entendernos non para confrontar, e a lingua galega é un elemento diferenciador como país o cal non podemos negar tampouco. Dito iso, en Galicia fálase o galego e o castelán e tamén fálanse outros idiomas porque tamén temos rusos, chipriotas, temos caboverdianos, senegaleses, temos outras culturas tamén aquí. Polo tanto unha visión universal unida a industria unida a eses factores industriais e culturais lévanos a non facer causa única e exclusivamente do galego como vehículo para todo a hora de crear. Para nós é un elemento potente, non debe de ser un



impedimento, debemos de potencialo. Aquela persoa que utiliza o galego como ferramenta a lingua galega debe ter oportunidades e debe sentirse discriminada positivamente si as veces as preguntas se fan desde Galicia, si. Se nos mesmos que nos dotamos de institucións de autogoberno non nos respectamos a nós mesmos, non respectamos a nosa lingua e non a utilizamos, outros non o van a facer por nós. Dito isto para nós o castelán tamén é unha lingua que se fala en Galicia e que tamén é unha lingua dos galegos e das galegas.


Héctor Carré: É nosa?

José Manuel Lage Tuñas: Cada un entenderá se é súa ou non pero o que é unha evidencia é que o galego e o castelán son as linguas que utilizan maioritariamente os cidadáns deste país.

Héctor Carré: A mín paréceme que non é nosa

José Manuel Lage Tuñas: En todo caso creo que queda suficientemente aclarada cal é a posición do Partido Socialista con respecto a lingua e a industria. As lingua non poden supoñer unha traba para facer produción e para poder saír fóra. Un produto que se fai en Galicia con decorados galegos, con exteriores galegos, con montadores galegos, con realizadores galegos, con actores galegos, con directores galegos e se fai en castelán é un produto galego se esa é a pregunta. Si o fora, é un produto galego que pode ser universal. Tamén se se fai en galego e se leva ao resto do mundo. A lingua ao final é importante pero o que non pode supoñer é unha traba para que os nosos produtos, os nosos industriais do mundo audiovisual non teñan outras posibilidades. Temos que coidar o noso pero -o que dicía antes Enrique Nicanor eu o traio agora aquí- temos que abrírnos ao mundo e polo tanto Galicia non debe de acabar no Padornelo. Galicia vai moito máis alá pero sempre sen sentirnos menos porque teñamos una lingua ou teñamos unha cultura que non é a de outros, nin é mellor nin peor, pero é a nosa e loxicamente nós apostamos por defendela, potenciala e levala ó resto do mundo. A nosa cultura é unha oportunidade en termos de creación de riqueza e de proxección exterior.

Diego Calvo Pouso: Eu espero sinceramente que non creas que estás tolo porque iso significaría que eu que penso como ti, estaría tolo, xa non por ti senón por mín. Dicías ti que eras politicamente incorrecto. É politicamente incorrecto porque cando alguén fai unha manifestación como a que ti fixeches e moi fácil encontrarte con que saia a xente e empece a acusarte de que xa non es galego. Ti é que nos es galego e iso é mentira. Son tan galego coma ti, utilice unha lingua ou utilice outra. Eu vexo ben que existan liñas de apoio cando se utiliza o idioma galego pero o que non é normal -e nesta lexislatura o PP ven denunciando no ámbito da cultura e tamén noutros ámbitos- que cando hai determinadas producións ou produtos non se poidan presentar a ningún tipo de axuda porque está escrito en castelán. E Lage tamén di que en Galicia hai chipriotas, turcos e tal pero a min dáme a sensación que estamos situando ao chipriota e ó turco ou non sei, que na mesma situación que o castelán e non é o caso, non é o caso. Claro que hai igual que hai algún




inmigrante inglés que ven para aquí e sabe falar inglés pero o inglés non é o idioma dos galegos e o castelán, si, igual que o galego. Polo tanto que haxa algunha diferenciación ou que haxa algún tipo de axuda ou que haxa algún certame ou premio para obras escritas, por exemplo escritas integramente en galego, perfecto pero se ninguén se opón. O problema é que igual unha produción tan boa o mellor dun autor galego feita en cen folios que veñen da Gran Bretaña..porque se dicía se os decorados son galegos é unha tontería porque se son de Portugal tamén me valen se é feito aquí pois é dun galego. Polo tanto non debe de ser nunca, nunca, nunca unha limitación porque se entendín ben a comunicación e dende o noso punto de vista nestes últimos anos houbo moitos exemplos de limitación, pois dende logo non é o camiño porque antes o dicíamos, hai que mirar para fóra, claro que si, e podemos e temos exemplos ademais de xente que empezou aquí en Galicia e mesmo na televisión e está agora por todos os lados...pois perfecto. Pero que pasa? Agora porque está noutro lado xa non é galego? Pois soberbia tontería, dende o meu punto de vista. Alégrome un montón que grazas ao mellor a unha oportunidade a algún xeito de como fora, puidera ir facendo traballos por outros lados. Alégrome un montón que siga sendo así, non quero que se queden aquí de por vida.

Xosé Ramón Paz Antón: Eu creo que está estudado, moi estudado, o problema de colisión das culturas, está estudado, moi estudado, o problema de colisión das linguas e cando comparten un espazo, normalmente unha acaba impoñéndose sobre a outra. Ben unha cultura, ben unha lingua, os comportamentos antropolóxicos, etc.. Iso está estudado. Nós estamos nun proceso histórico no que a cultura galega e a lingua galega están ameazadas, están nun proceso de xustaposición e estamos nun proceso de aculturación. Nós fronte a ese proceso podemos dicir que todo o mundo vai a festa e todo o mundo baila a yenka, podemos dicir iso. Podemos sen embargo non facer iso. Dende o punto de vista institucional a lingua española ten máis valor que a lingua galega porque nós temos o dereito e o deber de coñecer o español, en termos lexislativos, pero non temos o deber e o dereito de coñecer o galego. O que non acabo de entender moi ben e como se unha persoa so pode ver unha canle en galego -ben, agora dúas- e sen embargo corenta en español que sempre se diga que hai unha tendencia ao revés. Expresións como que "estamos ameazados", "unha persoa en Galicia non pode ver, non pode falar" como di Galicia Bilingüe... "que é un problema grave". Creo que todo isto non é certo. Agora, efectivamente, na práctica hai persoas en Galiza que viven toda a súa vida como si viviran en Cádiz, con respecto a falar en español. Un pode falar no que queira e incluso ter comportamentos culturais que non serían moi distintos doutras persoas do Estado. Iso efectivamente é así. O problema é que facemos nós, que facemos?

Héctor Carré: Se en Coruña se fala castelán é como si vivira en Cádiz?

Xosé Ramón Paz Antón: Non, non digo iso. E que non sei se estás entendendo o que eu digo.



Héctor Carré: Si, si que che entendín.

Xosé Ramón Paz Antón: O que quero dicir é que respecto aos comportamentos da cultura ou do idioma, nesas formas de vivir a cultura, distintas culturas, efectivamente hai xente que pode manifestar, por exemplo, os seus gustos musicais, a literatura que consume, os libros que lee e outras cousas que poden ser perfectamente iguais a outros territorios. Pero nós temos unha cultura e unha lingua propias. Non sei se me entendes, nese sentido que quero dicir.

Héctor Carré: Entendo que son galegos que falan como nós.

Xosé Ramón Paz Antón: Por suposto.

Héctor Carré: Pero non son tan galegos como os que viven en Cádiz porque eses son gaditanos.

Xosé Ramón Paz Antón: Ben pero iso é acusar a alguén de que considera que os demais son ou non son. Eu non fago ese tipo de clasificacións e o poder público galego na súa historia -non é agora este goberno-, desde o proceso autonómico o que hai é un intento de frear esa posible punto final dun proceso de aculturación no que a nosa cultura e o noso idioma pasaría a ser unha especie de residuo e creo que iso é un proceso transversal a todas as formas de pensamento político que hai en Galiza, nuns partidos máis acusado que noutros pero foi unha constante do proceso autonómico.


9ª Intervención (Manolo González): Se me permitides..Soamente por alusións e ti o sabes Héctor e o sabes perfectamente, na Consellería de Cultura neste tempo non se discriminou a ninguén polo tema do galego. Hai moitas pelis que son en castelán, rodadas en castelán. Ti mesmo tes unha subvención de 250 mil euros para facer unha longametraxe con título en inglés. Non che discriminan.

Héctor Carré: Xa me gustaría que foran 250 mil.

Manolo González: Ben son 200 e pico, 210, ben. Ninguén che discriminou

(Intervencións desde o público que non se escoitan)

10ª Intervención (Xavier Campos): ...por circunstancias de como está o mercado, de como está o produto de como está a maior parte da produtora, a produción básica era maioritariamente madrileña tamén, pasa o contrario e ti coñeces o caso porque compartimos ó produtor, precisamente. A min pasoume o caso contrario que eu quería facer a longametraxe orixinariamente en galego e tiveron que rodala en castelán e logo dobrala ao galego. Quero dicir que sempre é conflitivo o tema da lingua. Penso que ten que haber posibilidade de facer, de rodar na lingua que che apeteza pero ten que haber tamén unha discriminación porque a que este.....A min




faiame moita gracia este debate porque agora parece que a lingua está en condicións de inferioridade ao castelán con respecto ao galego. Penso que hai unha discriminación un pouco positiva do galego co respecto ao castelán en Galicia pero que é necesaria e non creo que sexa tan impositiva, polo menos no meu caso, que é o caso contrario.

11ª Intervención (Mara Gutiérrez): Levo vinte anos en Galicia e ou meu idioma natal non é o galego e digo isto porque creo que ven un pouco a conto. Síntome galega e pido desculpas polos erros que poida cometer ao falar en galego na miña intervención. A miña pregunta é moi concreta, vai dirixida a José Manuel. Falaches do plan de apoio a cinematografía e dixeches que era un plan extraordinario, unha dotación extraordinaria para suplir as eivas históricas. Quere isto dicir que é unha dotación a maiores da obrigatoriedade e cumprimento do 5% estipulado por Lei?

José Manuel Lage Tuñas: O plan de apoio a potenciación da produción cinematográfica está pensado para o 2008-2010. En xuño do 2008 ao remate dese 2008 apórtase un millón de euros adicionais do que está previsto por parte de Televisión de Galicia o que viña adicando habitualmente que era en torno aos 2 millóns, a priori e a idea é adicar 13 millóns de euros, 6 millóns de euros por parte da CRTVG e 7 millóns de euros por parte da Xunta de Galicia neste marco 2008-2010. Serían 13 no total. No ano 2009 o goberno de Galicia o que vai adicar é 3 millóns de euros adicionais aos que estaban previstos. O que se espera é que sexan 34 proxectos de películas de cine, de televisión, mine series, documentais que poidan saír froito desta inversión. Que poida haber un volume de negocio xerado a partir diso, arredor dos 50 millóns de euros. Do que estamos a falar é dun marco, intentar un marco de estabilidade, que este acordo teña continuidade, que non quede no 2010. Eu digo que existen eivas e que entendo que algunhas persoas consideran que non se adoptou -en sentido estrito- o 5% obrigado por Lei. Sabendo que hai cousas que se poden interpretar dun xeito ou doutro, pero poñéndonos en positivo creo que esta acción que ademais quixo encabezar e ademais adoptala de xeito persoal o Presidente porque entendía que tiña que ter un compromiso co sector e que se visualizara. É unha acción primeiro de futuro e segundo non para corrixir eivas en sentido estrito. E eu o que digo é que axudarán na medida do posible a paliar -dalgún xeito- pois algunhas outras decisións que se puideran ter tomado con anterioridade e non se fixeran. Sempre mirando cara adiante non cara atrás. Para atrás hai que mirar e avaliar o que se ten feito porque haberá cousas que mellorar pero en todo caso é unha dotación extraordinaria, non digo que sexa extraordinaria en canto a que sexa moi boa, que non haxa nada mellor, digo extraordinaria no sentido de que non estaba nas previsións iniciais e polo tanto é extraordinaria como nova.

Polo tanto estamos a falar dun plan que ao mesmo tempo segue establecendo que as canles públicas e as privadas, as de xestión privada, cando se poñan en marcha se todo vai ben, invistan anualmente o 5% ao que están obrigadas. Estamos a falar dun 5% en produción audiovisual europea e dise europea dentro do plan por razóns evidentes no contexto que estamos, do marco da Unión Europea, por cuestións de competencia, do marco de competencia que fai que non se poda establecer unha



axuda, digamos propia, exclusiva de Galicia ou de España e polo tanto hai que “camuflarse” así e dentro desde 60% en linguas oficiais dentro do Estado. A lingua non ten que ser un impedimento en todo caso unha oportunidade. Non sei se con isto respondín ao que me preguntaches.

Non é extraordinaria porque sexa magnífico senón porque é novo. Persequimos un marco estable de apoio ao sector e imos ver a ver como ven o tsunami económico e se imos a ser capaces de aguantar o tirón porque eu creo que se fala moito de moitas empresas, fálase moito de moitas situacións e tampouco vai a ser un bo ano. Creo que hai que partir da realidade para todos e creo que cando estamos na política tampouco lle podemos virar a cara ao mal tempo e o 2009 é seguramente o 2010 non vai a ser dos mellores anos para o sector audiovisual, é duro decilo pero é a realidade económica que temos.

Pero temos instrumentos de apoio financeiro, creo que temos que utilizalos como é o caso do IGAPE e doutros instrumentos a través da consellería de Economía para axudar as empresas pero sei que está habendo dificultades de liquidez, de crédito, de avales.. polo tanto é un paso adiante dende o meu punto de vista, é un paso adiante que desde logo non é definitivo. No audiovisual como na vida mesma, dar pasos adiante sempre é positivo aínda que non sempre se consigan tódolos obxectivos máximos.

Mayte Cabezas Amigo: Temos que deixalo aquí. Quero agradecer aos relatores o tempo que nos dedicaron en pre campaña quitándolles a outros actos a súa presenza. Moitísimas grazas e a todos vós por virdes.